

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de outubro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández (incorpórase no punto 25)
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTE:

D. Antonio Coello Bufill

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día 24 de outubro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1374).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión 10 de outubro de 2005. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1375).-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE: 21/67, 22/547, 14/1180, 14/1186, 14/1191, 03/248/301, 03/914/301, 12/0211, 02/1080/05, 22/1178, 22/1219, E 13/669.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Victoria Moledo Vazquez Expte. 21/67.
- D^a. Ana Ortega Martín. Expte. 22/547.

- D^a. Angelina Mariño Araujo. Expte. 14/1180.
- D^a. Hermínia Vazquez Ballesteros. Expte. 14/1186.
- D^a. Efigenia Moledo Posada. Expte. 14/1191.
- D^a. Orestila González García. Expte. 03/248/301.
- D^a. Olga Beatriz Pérez Pardo. Expte. 03/914/301.
- D^a. Filomena Fernández Freire. Expte. 12/0211.
- D^a. Ruth Alvarez Lago. Expte. 02/1080.
- D^a. Eusebia Gil Ramírez. Expte. 22/1178.
- D^a. Erundina Viéitez Vázquez. Expte. 22/1219.
- D^a. Elicia Domínguez Gabián. Expte. 13/669.

3(1376).-RESCISIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “SOCIEDAD SAN VICENTE DE PAÚL” PARA AXUDA AO MANTEMENTO DUN COMEDOR INFANTIL NA ZONA DO CALVARIO-DOBLADA. EXPTE. 12972/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da técnica do Servizo de Benestar Social, conformado polo xefe do Sector de Acción Social, a delegada da Área de Participación Cidadá e polo concelleiro delegado de Facenda, que di o seguinte:

Dende o Departamento de Benestar Social vense traballando con diversas asociacións de interese social que teñen ámbito de actuación na cidade.

Con data 28 de abril de 2005 foi asinado un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a sociedade San Vicente de Paúl para axuda ó mantemento dun comedor infantil na zona de Calvario-Doblada, cuxo borrador foi aprobado con data 11 de abril de 2005 pola Xunta de Goberno Local.

A asociación ven de rematar a súa actividade neste comedor, segundo comunica o seu Presidente, debido a problemas económicos e a diminución de escolares sen plaza de comedor en centros escolares, aínda que xustifica uns gastos finais de 1.059,97 euros (MIL CINCOENTA E NOVE CON NOVENTA E SETE).

Polo tanto, procede a rescisión do devandito convenio de colaboración, xa que, dacordo coa cláusula segunda na que a sociedade “San Vicente de Paúl” comprométese a manter aberto o comedor os días lectivos marcados no calendario escolar, a actividade deixouse de realizar, así como o abono da cantidade de 1.059,97 euros (MIL CINCOENTA E NOVE CON NOVENTA E SETE), que son os gastos habidos ata a data do seu peche.

Achéganse copia do convenio, acordo de la Xunta de Goberno Local, documento contable da Intervención municipal, escrito do Presidente da sociedade e facturas achegadas polo mesmo

Por iso proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“ A rescisión do convenio de colaboración que este Concello de Vigo, Departamento de Benestar Social, tiña asinado coa asociación San Vicente de Paúl, CIF G36763860 con data 28.04.05, cuxo borrador foi aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 11.04.05 para mantemento dun comedor infantil na zona

de Calvario-Doblada, por cese da súa actividade, e o abono das facturas xustificadas ata o peche do mesmo, que ascenden a cantidade de 1.059,97 euros”

Nembargantes esa Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1377).- CONTRATACIÓN ARTÍSTICA DOS CONCERTOS DE DAME FELICITY LOTT E CUARTETO SCHUMANN PARA O FESTIVAL MÚSICA DE VIGO ARE-MORE 2005. EXPTE. 9175/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Actividades Culturais, do 11.10.05, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, de acordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto de DAME FELICITY LOTT e CUARTETO SCHUMANN, o día 8 de novembro, ás 20,30 horas, no Teatro-Cine Fraga Caixagalicia, dentro do programa do Festival de Música Are-More 2005.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 30.102.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura para o exercicio 2005, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa CONCEIRTOS DE MÚSICA CLÁSICA, CIF B-81108201.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

5(1378).- SOLICITUDE DO SERVIZO DE DEPORTES DE PONTEVEDRA DA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR UNHA XORNADA DE PROMOCIÓN DO XADREZ NA PRAZA DA ESTRELA DE VIGO O 05.11.05. EXPTE. 5610/333

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, do 18.10.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Servizo de Deportes de Pontevedra da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia a celebrar o vindeiro día 5 de novembro unha xornada de promoción do xadrez na cidade de Vigo, dentro da campaña deportiva en idade escolar, na praza da Estrela a partir das 14:00 h.

6(1379).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE FUJITSU CORRESPONDENTE AO MANTEMENTO DOS RELOXOS DO SISTEMA DE CONTROL DE PRESENCIA DURANTE O ANO 2000 POR UN IMPORTE DE 1.997,40 €. EXPTE. 2123/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do Servizo de Informática, do 23.08.05, o informe de Intervención Xeral do 7.09.05 e de acordo coa proposta da concelleira delegada de informática, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva das actuacións e o gasto de 1.997,40 € con cargo a Aplicación Presupuestaria que consta no documento contable RC nº 40079 (12172270600) que se achega o expediente, en concepto de mantemento do sistema de control de presenza durante o ano 2000, e recoñecer a obriga por dito importe a favor de FUJITSU.

7(1380).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA IMPLANTACIÓN DA INSTRUCCIÓN DE CONTABILIDADE E DO NOVO PLAN XERAL DE CONTABILIDADE NA XESTIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 100622/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de prescricións técnicas de data 12.07.05, asinado polo xefe de Contabilidade, o prego de cláusulas administrativas do 8.09.05, asinado polo xefe de negociado de Contratación, ambos para a contratación do servizo de implantación da instrucción de contabilidade e novo plan xeral de Contabilidade na Xestión Económica do Concello de Vigo, visto o informe xurídico de 7.10.05 e de acordo co informe proposta do xefe de Negociado do Servizo de Contratación , do 08.09.05, conformados polo concelleiro de Facenda e o interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 259.840 euros para a execución do servizo de implantación da instrucción de contabilidade e do novo plan xeral de contabilidade na xestión económica do concello de Vigo. O gasto que xenere o expediente se imputará á partida 6110.227.06.01 do presuposto do ano 2005 (130.000 euros) e 2006 (129.840 euros).

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas técnicas e administrativas, que constan no expediente, para a contratación por procedemento negociado do servizo de implantación da instrucción de contabilidade e do novo plan xeral de contabilidade na xestión económica do Concello de Vigo.

8(1381).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO E CONSERXERÍA NOS CENTROS CÍVICOS MUNICIPAIS. EXPTE. 743/321

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a contratación dunha prestación de servizos de atención ao público e Conserxería dos centros cívicos dependentes da Concellería da Área de Participación Cidadá, asinado polo xefe de Participación e Atención Cidadá, do 6.09.05, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 6.09.05; visto o informe xurídico de 7.10.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 6.09.05, conformado pola concelleira da Área de Atención Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 80.001,00 euros/ano para a contratación da prestación dos servizos de atención ó público e conserxería nos centros cívicos municipais que se imputarán á partida 4631.227.06.04 do presuposto do ano 2005 e seguintes.

2º.- Aprobar os pregos de condicións técnicas e administrativas para a contratación da prestación dos servizos de atención ó público e conserxería nos centros cívicos municipais.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

9(1382).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2006. EXPTE. 1638/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para o deseño e produción de carrozas da Cabalgata de Reis 2006, asinado pola técnica do servizo de Festas, do 12.08.05, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 10.10.05; visto o informe xurídico de 17.10.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 10.10.05, conformado pola xefe de Área de Contratación e Novos proxectos, o concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural e Festas e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 45.000 euros para a produción das carrozas e ornamentación do palco da cabalgata de Reis do ano 2006 no concello de Vigo que se imputarán á partida 451.2.226.08.00 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a produción das carrozas e ornamentación do palco da cabalgata de Reis do ano 2006 no Concello de Vigo.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

10(1383).-ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DOUS DUMPERS PARA PARQUE MÓBIL. EXPTE. 3365/445.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 16.05.05 acorda aprobar o expediente para a contratación de por concurso da subministración de dous dumpers para o Parque Móbil.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 10.09.05 certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación presentáronse as seguintes proposicións no Rexistro Xeral: 1) Agrícola Orensana S.L., 2) MDC Ingeniería S.L., 3) Comercial Senra.

A Mesa de Contratación en sesión do 13.09.05 procedeu á apertura da documentación administrativa presentada, e con data 19.09.05 procedeu á apertura das ofertas económicas, admitindo as propostas e pasándoas a informe-proposta de do xefe do Parque Móbil, que foi emitido polo mesmo e conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo con data 30.09.05, propoñendo como adxudicataria á empresa Comercial Senra S.L.

En sesión do 10.10.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Comercial Senra S.A. a subministración de dous dumpers por un importe de 48.232,80. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno local de 16.05.05 e a oferta presentada.

11(1384).-ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ALFONSO X EL SABIO. EXPTE. 67/443.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 13.06.05 acorda aprobar o expediente para a contratación por concurso das obras de humanización da rúa Alfonso X El Sabio.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 19.09.05 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no BOP nº 159 e no DOG nº 160 de datas 19 e 22 de agosto respectivamente, presentáronse as seguintes proposicións no Rexistro Xeral: 1) Xestión Ambiental de Contratas S.L., 2) Covsa Construcciones Obras e Viais S.A., 3) Construcciones Casas Novas S.L., 4) Narom Transportes y Construcciones, 5) Movex Vial.

A Mesa de Contratación en sesión do 19.09.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas ao Servizo de Vías e Obras para informe, que foi emitido polo

enxeñeiro técnico da Oficina de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e o coordinador da Área de Servizos Xerais, con data 4.10.05, propoñendo como adxudicataria á empresa Movexvial S.L.

En sesión do 10.10.05 a Mesa de Contratación, á vista do devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo interventor xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Movexvial, S.L. a execución das obras de adxudicación do concurso para a execución das obras de humanización da rúa Alfonso por un importe de 86.850 euros, un prazo de garantía de 30 meses, un prazo de execución de 6 semanas e cunhas melloras ofertadas de 6.500 euros. Todo iso de acordo co proxecto e prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 13.06.2005 e a oferta presentada.

12(1385).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a M^a JOSÉ ÁVILA GONZÁLEZ EN RELACIÓN COA DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DESAFECTACIÓN DE CARÁCTER PÚBLICO DA 1^a TRAVESÍA DA RÚA CORUÑA. EXPTE. 17153/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do xefe de Patrimonio e Contratación do 05.10.05, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e a xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *L 33/2003 de 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP)*
- *L 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en data 18 de xullo de 2005, acordou desestimar a solicitude de dona M^a José Avila Gonzalez, de desafectación do carácter público da 1^a Travesía da rua Coruña.

SEGUNDO.- Con data de entrada no rexistro xeral deste Concello de 30.08.2005 interpòñese pola interesada recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local en data 18 de xullo de 2005 solicitando a revisión da resolución adoptada e se procedese à desafectación do tramo de camiño interesado.

TERCEIRO.- O arquitecto de patrimonio informa en data 30-09-2005 sinalando que nos títulos adxuntos figuraban as propiedades lindando polo seu vento oeste con camiño de servizo a casas, ratificándose no demais no informado con anterioridade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O recurso interposto fundaméntao nunhas alegacións, que na súa meirande parte son repetición das formuladas no seu día durante a instrucción do expediente, xa tratadas, e que quedaron resoltas no acordo recorrido, sen que se aprecie a concorrencia doutras circunstancias modificativas dos razoamentos xurídicos que motivaron a adopción de dito acordo, resultando nestes termos improcedente a solicitude revisoria instada pola recorrente e a pretensión da rectificación inventarial, no epígrafe de vías públicas, do terreo discutido. Todo isto sen que quepa entrar en cuestións de propiedade ou outros dereitos reais, propias do dereito privado, correspòndelle conseguintemente o seu coñecemento e resolución á xurisdicción civil .

SEGUNDO.-- Corresponde à Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo de 18 de xullo de 2005, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

UNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto por dona M^a José Avila Gonzalez contra o acordo da Xunta de Goberno Local 18 de xullo de 2005 ò non resultaren desvirtuados os fundamentos xurídicos que motivaron a desestimación da solicitude de desafectación como público dun tramo da 1^a Travesía da rua Coruña. "

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1386).- RECLAMACIÓN DE D^a. ISABEL GÓMEZ BAREA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 388/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 10.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Isabel Gómez Barea presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de outubro de 2004, no que expón que o día 12 de febreiro de 2003 achegouse para beber a unha fonte existente no Paseo marítimo de Samil, esvarou e caeu ó vacio dende unha altura de 2 metros, por carecer a devandita fonte de barandilla protectora, o que lle ocasionou danos físicos, que valora en 10.596,19 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe da Policía Local, con data 22/12/2004, que informan non teren constancia dos feitos mencionados pola Sra. Gómez.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 01/02/2005, no que manifestan que a zona se atopa en perfecto estado de conservación e que as fotografías achegadas pola reclamante corresponden ós lavadoiros de pés (e non a unha fonte de beber), os cales na data do informe contan coa debida protección.*

- *Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 7.869,72 euros.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 25/04/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciabeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por si puidese ter constancia dos feitos, xa que a reclamante non presenta ningunha testemuña presencial do accidente, nin consta tampouco a intervención do servizo de emerxencias do 061.

Sobre esta base e á vista do expediente, pode constatarase que se produce unha absoluta ausencia de actividade probatoria por parte da reclamante, limitando a súa argumentación a descripción dos feitos e a presentación de diversos informes médicos, dos que se deduce que a reclamante sufriu determinados danos, pero non demostra en modo ningún nin o lugar da presunta caída nin a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de

ningún servizo público desta Administración. Aínda que no expediente consta un parte de asistencia do 061, no mesmo se di que á chegada da ambulancia a reclamante estaba no asento traseiro dun vehículo, non establecendo o lugar da caída. Dado que a Policía Local non ten constancia do accidente, nin existe ningunha testemuña presencial dos feitos, a informante estima que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de dona Isabel Gómez Barea por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, por non resultaren convenientemente probados nin os feitos nin o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1387).- RECLAMACIÓN DE MAPFRE MUTUALIDAD DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 389/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 11.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Antonio Edreira Sánchez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación da compañía Mapfre, Mutualidad de Seguros, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de outubro de 2004, no que expón que o día 27 de maio de 2004 D. Benedicto Martín Hernández conducía o vehículo de propiedade de Dna. María Balbina Cal Martínez e outro, con matrícula 3399-CDF, asegurado pola súa representada coa cobertura de todo risco sen franquicia e, ó intentar estacionalo na rúa Aragón, rachou unha roda por mor do mal acabado dunha arqueta de desagüe, o que lle causou danos materiais que valoran en 349,24 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento de augas e saneamento, con data de 28/12/2004.*
- *Informe do Parque Móbil, de 20/01/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº T/172/2004 de Talleres Vialcar S.L., presentado pola compañía reclamante, por un importe de 349,24 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- *Proba testifical realizada á testemuña proposta pola parte reclamante, en data 09/03/2005, que manifesta que a roda do vehículo rachouse por mor duns pinchos de ferro que protexían o desagüe.*
- *Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Aqualia, en data 08/07/2005, que formula, entre outras, as seguintes alegacións: que nas fotografías obrantes no expediente reproducése unha tragante de sumideiro, causa, segundo a reclamante, do dano. Nas fotografías apreciase que a tragante está en bo estado, debidamente cuberto por unha reixa e esta non está nin deteriorada nin rota; en consecuencia, non se entende porque a tragante de sumideiro poida representar un perigo para a circulación rodada.*
- *Evacuase trámite de audiencia á compañía reclamante, que formula alegacións en data 22/04/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto, está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión celebrada o día 5 de xullo de 1990, outorgou concesión administrativa deste servizo público á Unión Temporal de Empresas Seragua -FCC, S.A.(agora Aqualia-FCC, S.A). O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo, establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento. No entanto, no caso que nos ocupa, e tal e como manifesta a concesionaria en trámite de audiencia, o certo é que a tragante de sumidoiro que presuntamente causou os danos atópase en perfecto estado de conservación e está ubicada á altura do bordo da beirarrúa, e polo tanto, fóra da zona de rodadura dos vehículos. O Sr. Martín, ó estacionar o vehículo, tivo que golpear o vehículo contra o bordo da beirarrúa onde se atopaba a tragante de sumidoiro para rachar a roda, polo que a informante estima que a negligencia da vítima interferiu na relación de causalidade, impedindo atribuír ó funcionamento de ningún servizo público deste Concello a responsabilidade dos danos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Antonio Edreira Sánchez, en nome e representación da compañía Mapfre, Mutualidad de Seguros, por non corresponderlle a este Concello a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probado o nexo causal entre o accidente e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1388).- RECLAMACIÓN DE D^a M^a ISABEL LLANTADA MARTÍNEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 231/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. M^a Isabel Llantada Martínez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de xuño de 2004, polos danos sufridos no seu vehículo, con matrícula 4432-BBL, o día 24 de xuño de 2003, cando ó saír do colexio Jesuitas na rúa Sanjurjo Badía, colisionou cunha “grapa” que separaba a beirarrúa da calzada.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe da Policía Local, con data 28/07/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos mencionados pola Sra. Llantada.*
- *Informe do servizo de Mobilidade e Seguridade, con data 03/12/2004, manifestando que nas fotografías achegadas pola reclamante o gancho parece atoparse sobre a beirarrúa e delimitada por un bordo que a separa da calzada.*
- *Informe do Parque Móbil, de 14/12/2004, comunicando que os prezos contidos no orzamento de Talleres Barreiro, presentado pola reclamante, por un importe de 569,99 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 03/02/2005, manifestando que o gancho no que se produciu o accidente foi colocado por este servizo cando se reformaron as beirarrúas (antes do ano 90) e que, persoados no lugar dos feitos, o gancho deformado non sobresaía na beirarrúa.*
- *Proba testifical á testemuña proposta pola reclamante, en data 22/04/2005, que manifesta que o gancho sobresaía da beirarrúa.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 05/05/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de tal modo que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente caso, o accidente debeuse a que a Sra. Llantada colisionou cun gancho situado na beirarrúa, e se ben a testemuña presencial corrobora o feito, manifestado pola reclamante, de que o gancho invadía a calzada, o certo é que segundo o informe do servizo de Vías e Obras estaba na beirarrúa. Ademais, pode apreciarse nas fotografías obrantes no expediente, que no bordo da calzada está pintada unha liña amarela polo que, aínda que o gancho sobrevoase a calzada, trataríase dunha zona excluída da rodadura dos vehículos. Á vista destes datos, a informante conclúe que a negligencia da Sra. Llantada interferiu no nexo causal, impedindo vincular o accidente ó funcionamento do servizo público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona M^a Isabel Llantada Martínez, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estes e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1389).- RECLAMACIÓN DE D. EDUARDO VARELA GIL DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 14045/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 10.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Eduardo Varela Gil presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 06 de abril de 2001, polos danos sufridos no vehículo de súa propiedade, matrícula PO-8662-BK, o día 10 de marzo de 2001 cando estando o vehículo estacionado na rúa Espedrigada se afundiou xunto co chan da vía.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte da Policía Local, con data 10/02/2001, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar do accidente, puideron comprobar como o vehículo do Sr. Varela se atopaba afundido nunha focha e requiriron a presenza do servizo de Bombeiros para retirar o vehículo da devandita focha.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 03/08/2001, no que manifestan que no lugar do accidente había unha reparación recente na liña da rede de sumidoiros, realizada por Seragua.*
- *Evacúase trámite de audiencia a Seragua (hoxe Aqualia), empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, con data 22/07/2004, manifestando a imposibilidade de determinar na actualidade tanto a existencia de accidente u omisión culpábel ou negligente desta empresa, como a relación de causalidade entre esta e o dano reclamado; así como, que a reclamación prescribiu dado o tempo transcorrido sen que a Administración resolvese nin o reclamante impuganara a desestimación presunta por silencio administrativo.*
- *Informe do Parque Móbil, de 24/11/2004, comunicando que os prezos contidos na factura nº 16 de Talleres Manalval Auto, S.L., por un importe de 1.542,87 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- *Evacuase trámite de audiencia ó reclamante en data 29/11/2004, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslinda-la imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura a de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión realizada o día 5 de xullo de 1990, outorgou concesión administrativa deste servizo público á Unión Temporal de Empresas Seragua -FCC, S.A.(agora Aqualia-FCC, S.A). A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso a empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o

accidente debeuse a un afundimento da calzada, consecuencia dunha reparación recente na liña da rede de sumidoiros, segundo o informe do servizo de Vías e Obras. A concesionaria alega en trámite de audiencia a imposibilidade de determinar na actualidade, tanto a existencia de accidente u omisión culpábel ou negligente desta empresa, como a relación de causalidade entre esta e o dano reclamado; así como, que a reclamación prescribiu dado o tempo transcorrido sen que a Administración resolverse, nin o reclamante impugnanse a desestimación presunta por silencio administrativo. No entanto, o expediente permaneceu paralizado a instancias da devandita empresa, pois notificouse o trámite de audiencia en data 19 de outubro de 2001 e non contestou ata o 22 de xullo de 2004.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de junio de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais, e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que otorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Eduardo Varela Gil polos danos materiais sufridos no seu vehículo matrícula PO-8662-BK.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 1.542,87 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1390).- RECLAMACIÓN DE Dª. Mª DEL CARMEN MARTÍNEZ CABALEIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 13567/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona María del Carmen Martínez Cabaleiro, en nome e representación de dona Patricia Reboreda Martínez, presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de novembro de 2000, no que expón que o día 20 de novembro de 2000 o vehículo propiedade da Sra. Reboreda, con matrícula PO-9933-BT, foi atinxido por un colector mentres estaba estacionado no camiño Chouzo, diante do colexio Chouxo, causándolle danos valorados en 29.651 pesetas.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe de Contenor, S.A., con data 01/02/2001.
- Informe de Fomento de Construcciones y Contratas, empresa concesionaria do servizo de baleirado de colectores de lixo, con data 11/04/2001.
- Informe do Parque Móbil, de 09/11/2001, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Barciela., presentado pola reclamante, por un importe de 29.651 pesetas IVE incluído, son correctos.
- Informe da Policía Local, con data 03/05/2002, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante en data 04/03/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatado polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. O Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No entanto, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local por se tivese constancia do accidente. Dado que a Policía Local non ten constancia do accidente nin existe ningunha testemuña presencial dos feitos non é posíbel establecer un nexos de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo do reclamante e o servizo público, que permita imputar a esta Administración a responsabilidade dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona María del Carmen Martínez Cabaleiro, en nome e representación de dona Patricia Reboreda Martínez, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estos e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1391).- RECLAMACIÓN DE D. JOSE ANGEL GONZÁLEZ SERRANO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 14973/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. José Ángel González Serrano presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 08 de xaneiro de 2002, no que expón que o día 26 de xaneiro de 2001, D. José Ángel González Caride, circulando pola rúa Ángel Lema y Marina (esquina á Subida á Madroa) co vehículo de propiedade do reclamante, matrícula PO-5812-AS, tivo un accidente ó levantarse unha reixa de acometida de augas que golpeou os baixos do vehículo, producíndolle danos materiais por valor de 317.886 pesetas.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Dilixencias a prevención por accidente de circulación instruídas pola Policía Local, con data 26/01/2001, no que os axentes actuantes tras recolleren as manifestacións do reclamante sobre o iter do accidente, comprobaron a existencia dunha reixa dobrada e rota por un dos seus vértices e a base da canaleta solta, así como a presenza na calzada de aceite e de trozos de aluminio, posíbelmente pertencentes ó vehículo sinistrado.*
- Informe do sevizo de Vías e Obras, con data 19/08/2002, no que informan que neste momento o lugar do accidente se atopaba en perfectas condicións, polo que se remiten ó parte da Policía Local do día do accidente; así mesmo, manifestan que o mantemento da vía en cuestión corresponde ó Ministerio de Fomento.*
- Evacuase trámite de audiencia á empresa concesionaria do servizo de abastecemento, U.T.E. Aqualia-FCC, en data 29/10/2002, que non formula alegacións.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 10/10/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Á vista do informe do Servizo de Vías e Obras deste Concello, non corresponde ó mesmo a titularidade da vía onde ocorreu o accidente, polo que non é posíbel vincular os danos ó funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público do Concello de Vigo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don José Ángel González Serrano, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non ser, nin o titular da vía onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido título competencial ningún respecto a conservación e mantemento da mesma”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1392).- RECLAMACIÓN DE D^a. ESTHER GONZÁLEZ LÓPEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 14973/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Esther González López presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 08 de abril de 2002, no que expón que o día 05 de marzo de 2002, mentres camiñaba pola rúa Martínez Garrido, caeu por mor dunha focha existente na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe da Policía Local, con data 10/10/2002, no que informan non teren constancia dos feitos reclamados.*

- Informe do servizo de Vías e Obras, no que informan que o lugar do accidente (que aparece nas fotos achegadas pola Sra. González) foi reparado no marco do “plan de mellora de beirarrúas” promovido polo Concello de Vigo durante o ano 2002.
- Proba testifical á testemuña proposta pola reclamante, con data 23/06/2004, que manifesta que a Sra. González caeu nunha focha de grandes dimensións que non era visíbel por mor da insuficiente iluminación do lugar.
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.886,41 euros.
- Informe do servizo de Electromecánicos, con data 01/02/2005, no que manifestan que a iluminación do lugar onde ocorreu o accidente é correcta, de acordo cos niveis establecidos para este tipo de vial.
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 28/02/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que esta garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridades que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o danos sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase á vista das fotografías achegadas pola reclamante, o deficiente estado da beirarrúa, pero a zona en mal estado é perfectamente visíbel a distancia non constituíndo, polo tanot, unha traba ou defecto oculto, xa que apéciase a falta de alomenos unhas dez lousetas, cada unha das cales mide 20 x 20 cm, o que fai unha superficie de case 4 metros cadrados de beirarrúa sen lousetas e se engadimos o dato de que vítima é unha persoa nova e, á vista dos datos que constan no expediente, carente de defectos físicos que lle puidesen impedir ou dificultar a detección do mencionado obstáculo, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular ó funcionamento do servizo público o dano padecido.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Esther González López, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos, ó non resultar probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1393).- RECLAMACIÓN DE D. JAVIER GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 418/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Javier González Domínguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de novembro de 2004, polos danos sufridos no seu vehículo, con matrícula PO-0812-BP, cando o día 19 de outubro de 2004, estando estacionado na rúa Mondariz á altura do número 4, caeulle entriba unha póla de olmo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 19/10/2004, no que os axentes actuantes informan que persoados no lugar dos feitos, comprobaron como a póla dunha árbore caída por mor dun temporal provocou danos en diversos vehículos, entre os que se atopa o do Sr. González, que contaba con danos no teito, no espello retrovisor e diversos rascazos.*
- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de 16/12/2004, no que manifestan que dos danos debe responder a empresa concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, Cespa. S.A.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, 14/01/2005, manifestando que os prezos contidos no presuposto nº P2400273 de Talleres Rodovigo, S.L. por un valor de 2.325,37 euros son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- *Evacúase trámite de audiencia a concesionaria Cespa, en data 07/03/2005, que alega que o sinistro produciuse por causas excepcionais, por mor do forte vento asociado ó temporal reinante eses días.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 25/02/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por

estas, de toda lesión que sufran en cualquiera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun contratista, dado que o dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración asumido por terceiro, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 1998, acordou adxudicar a CESP, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A., o servizo de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo plenario de 3 de agosto de 1998, contrato outorgado por un prazo de 4 anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 1999, e posteriormente obxecto de prórrogas sucesivas por un ano, contrato que estaba en vigor na data do accidente.

O punto 4.1.1 do Prego de Condicións Técnicas do contrato de conservación e reposición de zonas verdes sinala que o adxudicatario atenderá debidamente en tempo e forma a realización dos labores de tratamento fitosanitario, e segundo a sentenza ditada pola sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso 02/0004044/2000 a labor fitosanitaria engloba dentro das responsabilidades da concesionaria a labor de conservación do arbolado en termos xerais e en concreto a súa vixilancia, polo que existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade dos danos que motivan a presente reclamación pode ser imputada a Cespa, na súa calidade de contratista do Concello e encargada da conservación e mantemento das zonas verdes, xa que o accidente debeuse a caída dunha árbore sobre a vía pública.

O artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño establece que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e de acordo co punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes “o adxudicatario está obrigado a responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do servizo, tanto á Administración municipal coma a terceiras persoas”, obriga que so decaería no suposto de que o dano fose producido por causas imputábeis a Administración, consonte o previsto no artigo 161.c do RD Lexislativo 2/2000.

Polo exposto, próponse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire á lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. -Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Javier González Domínguez.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Cespa S.A., empresa concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, de conformidade co establecido no corpo do informe, debendo dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 2.325,37 euros, correspondentes ó valor da reparación do seu vehículo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1394).- RECLAMACIÓN DE D. JOSE ANGEL PAZOS GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 245/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 6.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. José Ángel Pazos González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de xuño de 2004, no que expón que o día 23 de abril de 2004, cando circulaba coa súa motocicleta, matrícula C-6182-BBJ, pola rúa Javier Sensat, perdeu o control do vehículo por mor dunha focha de grandes dimensións existente na calzada á altura do número 35, producíndose danos materiais ó seu vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 23/04/2004, no que os axentes actuantes manifestan que foron requeridos ó lugar do accidente polo Sr. Pazos, que declarou ter perdido o control da súa motocicleta ó pasar por encima da focha existente na calzada e que se lastimara os pulsos. Así mesmo, comprobán que a motocicleta do Sr. Pazos presentaba rascaduras na totalidade do seu lateral esquerdo e que as dimensións da focha eran de 50 x 50 centímetros, cunha profundidade de 7 ou 8 centímetros.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 13/10/2004, manifestando que esta unidade realizou o bacheo dunha gabiá de acometida de gas no lugar do accidente o 12/08/2004.*
- *Proba testifical, en data 16/12/2004, á testemuña proposta polo reclamante.*
- *Informe do Parque Móbil, de 14/01/2005, comunicando que os prezos contidos no presuposto nº P0000085 de Moto Manía, presentado polo reclamante, por un importe de 797,81 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 23/02/2005, manifestando que a empresa titular da licenza das obras que se realizaran no lugar do accidente é Gas Galicia, S.A.*
- *Evacúase trámite de audiencia á compañía Gas Galicia, en data 17/03/2005, que alega que a última actuación realizada pola empresa na rúa Javier Sensat foi en data 20 de xullo de 2003, polo que estiman non ter responsabilidade ningunha nos danos sufridos polo sr. Pazos.*
- *Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 12/04/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de tal modo que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente caso, das declaracións da testemuña presencial dos feitos dedúcese que o accidente debeuse a existencia dunha fochanca na calzada, dato corroborado polo Parte do servizo da Policía Local. Aínda que nos informes do servizo de Vías e Obras maniféstase que a fochanca orixinouse tras a realización dunha gabia para a acometida do gas, a empresa Gas Galicia, en trámite de audiencia, alega que a última actuación realizada pola empresa na rúa Javier Sensat foi en data 20 de xullo de 2003, polo que non é posíbel imputarlle a responsabilidade dun accidente que aconteceu en abril de 2004. Dado que a causa eficiente dos danos do vehículo foi a existencia dunha fochanca na calzada, estes poden vincularse ó funcionamento do servizo público e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de don José Ángel Pazos González, indemnizándolle na coantía de 797,81 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1395).- RECLAMACIÓN DE DIEGO GARCÍA BALLESTEROS. DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 465/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Diego García Ballesteros presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de xaneiro de 2005 no que expón que o día 27 de outubro de 2004 o vehículo de súa propiedade, con matrícula 6141-BDW, mentres circulaba pola avenida Dña. Fermina á altura do número 6, foi alcanzado por un colector movido polo vento, polo que sufriu danos materiais que cuantifica en 1.228,62 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 27/10/2004, no que os axentes actuantes, tras recolleren o relato dos feitos realizado polo Sr. García, comprobán os danos que presenta o vehículo e fan constar que, debido ó forte vento reinante, realizáronse numerosas intervencións polo mesmo motivo esa noite.*
- Informe do servizo de Limpeza, con data 03/02/2005, manifestando que nos seus arquivos non existe ningún tipo de incidencia relativa a ese accidente.*
- Informe do Parque Móbil, de 09/02/2005, comunicando que os prezos contidos no orzamento de Taller Ramallo, presentado polo reclamante, por un importe de 1.228,62 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 22/02/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatado polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía

pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local para reclamarlles o parte do servizo correspondente o accidente e ó servizo de limpeza, por se tivesen constancia do mesmo. No entanto, aínda que o reclamante manifesta que o dano produciuse ó bater o colector co vehículo, e os axentes da Policía Local manifestan que esa noite facía vento e que realizaron numerosos servizos por esa causa, acudiron ó lugar dos feitos, a instancia do Sr. García, con posterioridade ós mesmos e non presenciaron a presunta colisión, e no Servicio de Limpeza non teñen constancia de ningún dano nos colectores situados na zona do accidente, polo que non é posíbel establecer un nexo de causalidade entre os danos sufridos polo vehículo do reclamante e o servizo público, que permita imputar a esta Administración a responsabilidade dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don Diego García Ballesteros, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a relación de causalidade entre estes e o funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1396).- RECLAMACIÓN DE D. YAGO ALFONSO FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 301/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 10.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Yago Alfonso Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 24 de agosto de 2004, no que expón que o día 11 de xullo de 2004, ó circular coa súa motocicleta, matrícula C-9424-BPJ, pola rúa Camelias, esvarou ó pasar por enriba dunha tapa dun sumidoiro con depresións ó seu redor, producíndose tanto danos físicos á súa persoa como danos materiais ó seu vehículo, estes últimos valorados en 1.016,39 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe de Aqualia, empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga do Concello de Vigo, en data 27/09/2004, manifestando que non realizaron obra de reparación ou modificación da tapa de rexistro perante o ano en curso.*

- Informe da Policía Local, con data 02/12/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.
- Proba testifical ás testemuñas propostas polo reclamante, con data 04/02/2005, que corroboran a súa versión dos feitos.
- Informe do Parque Móbil, de 10/02/2005, comunicando que os prezos contidos no presuposto nº P0000103 de Moto Manía, presentado polo reclamante, por un importe de 1.016,39 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 907,11 euros.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 18/05/2005, no que manfiestan que a irregularidade na vía na actualidade non é de entidade suficiente como para provocar unha caída ó circular de forma prudente e á velocidade permitida para a vía.
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 23/06/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de tal modo que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir. No presente caso, do informes obrantes no expediente, da Policía Local e da declaración das testemuñas presenciais, dedúcese que a existencia dunha arqueta por debaixo do nivel da calzada foi a causa eficiente dos danos sufridos polo Sr. Alfonso, polo que estos poden vincularse ó funcionamento do servizo público e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Yago Alfonso Fernández, indemnizándolle na contía de 1.923, 50 euros, dos cales 1.016,39 euros corresponden ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade e 907,11 euros ós danos persoais sufridos a consecuencia do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1397).- RECLAMACIÓN DE LUCÍA DOPAZO GARCÍA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 14537/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 17.10.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Lucia Dopazo García presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de setembro de 2001, no que expón que o 29 de marzo de 2001 camiñando pola rúa Urzaiz, a altura do nº 209, ó pisar unhas lousetas da beirarrúa que se atopaban soltas caeu e como consecuencia da caída sufriu unha fractura da rótula da perna dereita. Solicita unha indemnización de dous millóns de pesetas (12.000 €).

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do Servizo de Vías e Obras, de 19 de novembro de 2001, manifestando que, “xirada visita de inspección ocular o día 16 de novembro, compróbase que a rúa está en perfectas condicións, pero obsérvase que un trozo da beirarrúa de unhas dimensións de 120 x 120 centímetros está rechea de mortero, descoñecendo este servizo o autor e a data en que se ha podido realizar este recheo”.*
- Informe da Policía local, de 10 de outubro de 2002, no que manifestan non ter constancia dos feitos.*
- Proba testemuñal, en data 16 de marzo de 2004, ás testemuñas propostas pola reclamante.*
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 29 de decembro de 2004, que coantifica os mesmos en 2.030, 07 €.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 18 de febreiro de 2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de tal modo que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia entraña un risco especial para os viandantes, xa que trátase dun defecto oculto que non é visible en circunstancias normais de circulación e tránsito empregando a dilixencia esixible como concreción da regra do control da propia deambulacón, así desprendese das declaracións das testemuñas.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Lucia Dopazo García, e indemnizála coa cantidade de 2.030, 07 €”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NESTE INTRE INCORPÓRASE Á REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. GUERRA FERNÁNDEZ

25(1398).- RECOÑECIMENTO GRAO DE PERSOAL A D. JOSÉ ANTONIO SOTELO RODRÍGUEZ, SUBXEFE DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 15692/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Area de Réxime Interior do 13.10.05, sobre o asunto de referencia, conformado polo concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.

Con data de entrada no Rexistro Xeral o 1 de abril de 2005, o Subxefe da Policía Local, D. José Antonio Sotelo Rodríguez, presenta escrito solicitando o recoñecemento do grao persoal correspondente ó nivel 28 de complemento de destino, por levar máis de dous anos continuados desenvolvendo o posto de traballo de Xefe da Policía Local, ó que ten asignado o referido nivel 28, toda vez que o interesado pasou a desempeñar a xefatura da Policía Local, en comisión de servizo, segundo resolución da Alcaldía de data 5 de outubro de 1995, da que se deu conta á Comisión de Goberno do día 6 do mesmo mes.

FUNDAMENTOS LEGAIS.

De conformidade co disposto no artigo 70.2 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da civís da Administración xeral do Estado, de aplicación supletoria ós funcionarios da Administración local por virtude do disposto no artigo 1.3 do referido regulamento, “ tódolos funcionarios de carreira adquirirán un grao persoal, polo desempeño dun ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, con excepción do disposto no apartado 6 deste artigo, calquera que fose o sistema de provisión.

Nembargantes o disposto no parágrafo anterior, os funcionarios que obteñan un posto de traballo superior en máis de dous niveis ó correspondente ó seu grao persoal, consolidarán cada dous anos de servizos continuados o grao superior en dous niveis ó que posuise, sen que en ningún caso poidan superar o correspondente ó do posto desempeñado, nin o intervalo de niveis correspondente ó seu corpo ou escala .

Os funcionarios consolidarán necesariamente como grao persoal inicial o correspondente ó nivel do posto de traballo adxudicado tra-la superación do proceso selectivo, agás que con carácter voluntario pasen a desempeñar un posto de nivel inferior, que no seu caso consolidarán o correspondente a este último . “

Dos datos obrantes no expediente do interesado constátase que efectivamente pasou a desempeñar a xefatura da Policía Local, en comisión de servizo, segundo resolución da Alcaldía de data 5 de outubro de 1995, da que se deu conta á Comisión de Goberno do día 6 do mesmo mes, resultando que o nivel de complemento de destino asignado na RPT vixente no dito ano e seguintes ó posto de traballo de “Xefe da Policía Local” foi o 28 que o que ten asignado na actualidade o posto ó que está adscrito de Subxefe da Policía Local.

Por todo o exposto, sómétese a consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Recoñecer ó Subxefe da Policía Local, D. José Antonio Sotelo Rodríguez (núm. persoal 6422) o grao persoal correspondente ó nivel 28 de complemento de destino, de conformidade co informe precedente como parte integrante deste acordo “.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1399).- RECOÑECIMENTO GRAO DE PERSOAL A D. XESÚS M. COSTAS ABREU, TÉCNICO DE ADMÓN. XERAL EN SITUACIÓN DE SERVIZOS ESPECIAIS. EXPTE. 16040/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Area de Réxime Interior do 14.10.05, sobre o asunto de referencia, conformado polo concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 26 de setembro ppdo., o técnico de administración deste concello, na actualidade en situación de servizos especiais, D. Xesús M. Costas Abreu, NIF 36.022.164-R, presenta escrito solicitando o recoñecemento do grao persoal correspondente ao complemento de destino nivel 28 (doc. núm. 50164669), por ter levado máis de dous anos continuados desenvolvendo o posto de traballo núm. 199-adxunto xefe Asesoría Xurídica, que ten asignado o nivel 28 de CD e por resolución da alcaldía-presidencia de data 14 de setembro de 2004 foi adscrito ao posto de libre designación de xefe do contencioso administrativo.

FUNDAMENTOS LEGAIS.

De conformidade co disposto no artigo 70.2 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da civís da Administración xeral do Estado, de aplicación supletoria aos funcionarios da administración local, en virtude do disposto no artigo 1.3 do referido regulamento, “todos os funcionarios de carreira adquirirán un grao persoal, polo desempeño dun ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, con

excepción do disposto no apartado 6 deste artigo, calquera que fose o sistema de provisión. Nembargantes o disposto no parágrafo anterior, os funcionarios que obteñan un posto de traballo superior en máis de dous niveis ó correspondente ó seu grao persoal, consolidarán cada dous anos de servicios continuados o grao superior en dous niveis ó que posuise, sen que en ningún caso poidan superar o correspondente ó do posto desempeñado, nin ó intervalo de niveis correspondente ó seu corpo ou escala “ .

Os funcionarios consolidarán necesariamente como grao persoal inicial o correspondente ó posto de traballo adxudicado tra-la superación do proceso selectivo, agás que con carácter voluntario pasen a desempeñar un posto de nivel inferior, caso no que consolidarán o correspondente a este último. “

Pola sua banda, o Pleno do Concello, en sesión ordinaria de 02-03-98, estableceu os criterios para asignación do grao persoal, segundo o cal os funcionarios que continuen desempeñando mediante adscripción provisional un posto de traballo que non fose convocado polo procedemento regulamentario bastaralles co desempeño provisorio do posto para consolidación do seu grao persoal.

Así mesmo, a Comisión de Goberno, en sesión do 17 de setembro de 1998, adoptou acordo, recoñecendo ó interesado o grao persoal correspondente ó nivel de CD 26.

O Sr. Costas Abreu, foi adscrito ó posto 199, denominado na RPT “adxunto xefe Asesoría Xurídica” e que tiña asinado o nivel de CD 28, por resolución da Alcaldía de data 28 de setembro de 1999, da que se deu conta á Comisión de Goberno de data 11 de outubro seguinte, levando adscrito a este posto máis de dous anos de xeito continuado e ata o 18 de abril de 2005, que foi declarado, a petición propia, en situación de servicios especiais.

Por todo o exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Recoñecer ao técnico de administración xeral deste concello, na actualidade en situación de servizos especiais, D. Xesús M. Costas Abreu, NIF 36.022.164-R, o grao persoal correspondente ó nivel 28 de complemento de destino, consonte ó informe proposta precedente e que forma parte integrante deste acordo “.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1400).- PRÓRROGA DE CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL (ACUMULACIÓN DE TAREFAS), POR PERÍODO DE TRES MESES, DUN OPERADOR DE INFORMÁTICA. EXPTE. 16027/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 13.10.05, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización do Servizo de Persoal, do 30.09.05, conformado polo concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes.

Por acordo da Xunta Local de Goberno de data 2 de xuño de 2005, autorizouse o correspondente proceso selectivo para proceder a contratación dun operador de informática por un periodo de tres meses, por acumulación de tarefas, para prestar servicios no Departamento de Informática.

Realizado o correspondente proceso selectivo, por resolución da Alcaldía de data 22 de xullo de 2005, foi contratado D. Enrique Doval Lois, NIF 36.164.190-W, como operador de informática, por un período de tres meses, (1 de agosto a 31 de outubro de 2005), cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado polo RD. Lexislativo 1/1995, Estatuto dos traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, modelo de contratación que establece un prazo contractual máximo de seis meses.

Con datas 27 de setembro de 2005, o xefe dos Servicio de Infomática o que está adscrito o interesado, propón a prórroga do referido contrato polos tres meses restantes, por continuar as mesmas circunstancias que se deron para a contratación das mesmas, prórroga que foi autorizada polo concelleiro-delegado da area de xestión municipal a través de instrucción de servicio de data 30 de setembro actual.

Dado que o contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas, permite unha duración máxima de seis meses, con carácter improrrogable e, previo informe da Intervención Xeral sobre a existencia de consignación presupostaria suficiente para facer fronte o gasto que se propón, o funcionario que subscribe propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

"Prorrogar por un periodo de tres meses (1 de novembro de 2005 o 31 de xaneiro de 2006), o contrato suscrito en data 1 de agosto de 2005, por un período de tres meses, co operador de informática D. ENRIQUE DOVAL LOIS, NIF. 36.164.190-W, coas mesmas condicións que figuran no contrato inicial."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1401).- CONTRATACIÓN DUN LICENCIADO DE DEREITO, POR RENUNCIA DO TITULAR, PARA A OFICINA DE INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS. EXPTE. 16047/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización do Servizo de Persoal, do 19.10.05, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2004 –que se achega ó expediente–, acordou a contratación, entre outros, de D. José Antonio Montenegro Iglesias como Licenciado en Dereito, dende o 10 de xaneiro ó 31 de decembro de 2005, período de vixencia do convenio de colaboración entre a Consellería de Emigración e o concello de Vigo, para a oficina de información ós inmigrantes e emigrantes retornados, mediante un contrato de obra ou servizo determinado.

Dito expediente foi tramitado pola oficina de Benestar Social, a proposta dos seus técnicos, intervindo únicamente esta Unidade de Persoal na formalización dos contratos, alta na seguridade social e demais trámites necesarios para facer efectivo o mencionado acordo, no que figura unha lista de substitucións xenerada no propio proceso de selección, para cubrir as posibles baixas ou a necesidade de incremento de persoal durante a vixencia deste acordo, figurando como primeira suplente, D^a Paula Piñeiro Portela, NIF 78.738.285-Q que, unha vez requerida polo departamento de Benestar Social, aceptou a posible contratación ata o 31 de decembro de 2005.

Con data 13 de outubro de 2005, a xefa da Sección de Planificación de Servizos Sociais, coa conformidade da delegada da área de Participación Cidadá, solicita a substitución do referido Licenciado en Dereito, ó renunciar expresamente ó contrato suscrito con este concello, por mellora laboral, D. José Antonio Montenegro Iglesias.

Faise constar que no expediente figura a existencia de consignación orzamentaria por parte da Intervención Xeral, segundo documento de modificación de crédito 3/05, de data 12 de xaneiro de 2005.

En consecuencia, vista a instrucción de servicio do Sr. Alcalde acctal., da data de hoxe, 19 de outubro, o técnico que subscribe propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Contratar, por obra ou servizo determinado, como Licenciada en Dereito, a D^a Paula Piñeiro Portela, NIF 78.738.285-Q, polo período comprendido entre o 25 de outubro e o 31 de decembro de 2005 –data ésta última de remate do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Emigración e o Concello de Vigo-, para a oficina de atención a inmigrantes e emigrantes retornados, dependente do servizo de Benestar Social, código 301, toda vez que o titular do posto, D. José Antonio Montenegro Iglesias, causou baixa voluntaria neste concello, con data 13 de outubro ppdo., por pasar a desenvolver outro posto de traballo na Administración de Xustiza.

Segundo.- Percibirá como retribucións as establecidas para a súa categoría profesional como técnicos xestores, de conformidade co establecido no “Acordo marco de regulación das condicións socio-laborais das contratacións realizadas no plan municipal de emprego 2004-2005 (BOP de 9 de abril de 2004).”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(1402).- PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXIRÁN O CONCURSO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE NATUREZA FINANCIERA E RECADATORIA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6889/540.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.10.05 e de acordo co informe-proposta do tesoureiro municipal, do 15.09.05, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Prego de cláusulas técnicas e administrativas para contratar con entidades de depósito, mediante concurso restrinxido, a prestación de servizos de natureza financeira e recadadora do Excmo. Concello de Vigo, que de seguido se transcriben.

2º.- Convocar o concurso na forma legalmente establecida.

PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE NATUREZA FINANCEIRA E RECADADORA DO CONCELLO DE VIGO.

I.- ANTECEDENTES.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29 de agosto de 2005, acordou “Iniciar o expediente para a contratación da prestación da totalidade dos servizos de natureza financeira e recadadora do Concello de Vigo, redactando un prego de condicións do que o seu obxecto sexa o resultado de unificar os dous pregos existentes na actualidade, incluíndo ademais aquelas prestacións que se estimen convintes, co gallo de refundir e harmonizar a normativa pola que se rexe a xestión da Tesourería municipal”.

Para o obxecto de dar cumprimento ó referido acordo, procédese por esta Tesourería á redacción dun prego de cláusulas técnicas e administrativas particulares para o establecemento dun Contrato Marco en onde se definan as condicións técnicas a que han de someterse os diferentes contratos a levar a cabo con entidades de depósito e que demandan as necesidades financeiras da Tesourería do Excmo. Concello de Vigo.

Os servicios financeiros a prestar polas entidades de depósito, que se inclúen no obxecto da licitación, atópanse comprendidos na categoría 6 do artigo 206 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e, por conseguinte, o procedemento de adxudicación da presente contratación está sometido ó referido texto legal.

Pola súa beira, os servicios bancarios vincúlanse á prestación de servicios de colaboración en materia recadadora en calidade de Entidade Xestora na recadación municipal, de tal maneira que as entidades licitadoras que resulten adxudicatarias quedan comprometidas á prestación deste servicio nas condicións e co alcance que resulte da adxudicación, e en todo caso de conformidade coas Normas aprobadas pola Comisión municipal de Goberno na repetida sesión do 28 de agosto do ano que andamos.

Tendo en conta a natureza dos servicios a prestar polas entidades adxudicatarias: financeiros e de colaboración en materia de recadación como Entidades Xestoras e de Caixa da Corporación, e tendo en conta con respecto a estes últimos que para obter unha maior eficacia e eficiencia na recadación municipal resulta indispensable que as entidades seleccionadas reúnan unhas condicións mínimas e unha organización de elementos persoais e materiais suficientes para unha correcta prestación do servicio de recadación, propónse ó órgano competente para contratar que a selección das entidades de depósito coas que se formalice o Contrato Marco obxecto da presente licitación lévese a cabo a través do procedemento restrinxido e utilícese como forma de adxudicación o concurso.

As condicións esixidas para poder participar na contratación son dúas e complementarias. En primeiro lugar que a entidade teña a condición de entidade colaboradora na recadación municipal, e, en segundo termo, que o volume de recadación obtido en período voluntario na súa condición de entidade colaboradora, en relación cos tributos de cobro periódico por recibo (padróns) correspondentes ó ano 2004, fora superior a 600.000,00 euros, que representan somentes o 0,977% do total da recadación obtida.

Polo demais, o Prego subdivídese en dous grupos de cláusulas, un primeiro grupo que constitúe o clausulado técnico en onde se definen o obxecto da contratación, o ámbito obxectivo dos servicios a prestar, os criterios obxectivos de invitación ó procedemento restrinxido e os de valoración das ofertas, e por último o mecanismo para a adxudicación dos contratos individuais que se perfeccionen a partir das condicións financeiras mínimas do Contrato Marco; e un segundo grupo que constitúe o clausulado administrativo, na medida en que como se deixou exposto a presente contratación, pola súa natureza, está sometida en canto á preparación e adxudicación ó texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

II.- CLÁUSULAS TÉCNICAS.

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

Constitúe o obxecto da presente licitación o establecemento dun Contrato Marco que configure as condicións específicas de tipo técnico a que ha de axustarse a prestación, pola(s) entidade(s) de depósito que resulte(n) adxudicataria(s), dos servicios de natureza financeira e recadadora necesarios para o exercicio das funcións encomendadas legalmente á Tesourería do Concello de Vigo.

Os servicios de natureza financeira e recadadora a que se refire o parágrafo anterior, a prestar pola(s) entidade(s) de depósito que resulte(n) adxudicataria(s) do presente contrato, son os seguintes:

- a) Concertación dos servicios financeiros da Tesourería municipal mediante a apertura dos seguintes tipos de contratos de conta corrente, coa finalidade de situar nas mesmas os fondos líquidos do Concello, recoller os seus ingresos e efectuar os seus pagamentos:
 - Contas operativas de ingresos e pagamentos.
 - Contas restrinxidas de recadación.
 - Contas restrinxidas de pagamentos.
 - Contas financeiras de colocación de excedentes de tesourería.
- b) Concertación de operacións de crédito a curto prazo, por prazo non superior a un ano, para atender posibles necesidades transitorias de liquidez, mediante un contrato de apertura de crédito en conta corrente.
- c) Contratación de inversións ou, en xeral, produtos financeiros que reúnan as condicións de liquidez e seguridade, co obxecto de rentabilizar os posibles excedentes temporales de liquidez, que se poderán instrumentar mediante operacións de compra ou venda con pacto de recompra a data fixa de activos financeiros que se negocien na Central de Anotacións do Banco de España.
- d) Prestación de servicios de colaboración en materia de recadación municipal en calidade de Entidade Xestora da Recadación, en relación cos ingresos recadados a través das propias entidades financeiras que resulten adxudicatarias, servicios que, en todo caso, se prestarán con arreglo ó disposto ó respecto nas “Normas reguladoras da actuación e procedemento a seguir polas Entidades de depósito colaboradoras en materia de recadación de tributos periódicos e notificación colectiva”, aprobadas pola Comisión municipal de Goberno en sesión que tivo lugar o día 28 de agosto do ano 2000.

O alcance, contido e condicións da actividade recadadora como Entidade Xestora será o que resulte da presente licitación, sen prexuízo de observarse en todo caso o establecido con carácter xeral ó respecto nas anteditas Normas Reguladoras.

- e) Prestación do servicio de Caixa da Corporación a que se refire o artigo 75 do Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, servicio que se prestará con arreglo ó disposto nas “Normas reguladoras da actuación e procedemento a seguir na prestación do servicio de caixa da Corporación do Excmo. Concello de Vigo por Entidade de depósito” aprobadas pola Comisión municipal de Goberno en sesión que tivo lugar o día 28 de agosto do ano 2000.
- f) Con carácter adicional ós servicios bancarios que se deixan indicados, a entidade de depósito que resulte seleccionada para a prestación do servicio de Caixa da Corporación, por haber obtido a maior puntuación como resultado da aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, prestará ademais os servicios de natureza financeira ó persoal do Excmo. Concello de Vigo que se especifican no presente Prego, utilizando para iso as instalacións, nas condicións e coas limitacións que máis adiante se establecen, que lle sexan cedidas polo Concello de Vigo para a prestación do precitado servicio de Caixa da Corporación.

O Concello de Vigo, ó abeiro do indicado Contrato Marco, de conformidade coas condicións definidas no presente Prego, e en orde a atender as súas necesidades financeiras e recadoras, poderá formalizar con todas ou algunha(s) das Entidades de depósito seleccionadas, todos ou algún(s) dos contratos ou prestacións anteriormente relacionados. Por conseguinte, en ningún caso, o Contrato Marco resultante da presente licitación suporá para a

Administración municipal o compromiso de concertar coas entidades adxudicatarias un número determinado dos referidos contratos.

Así mesmo, as cláusulas dos contratos que se leven a cabo ó abeiro do Contrato Marco no poderán ser contrarias ó estipulado nos Pregos de Bases nin conter obrigas adicionais para o Concello de Vigo ás contidas nos mesmos.

2.- NÚMERO MÁXIMO DE ENTIDADES ADXUDICATARIAS.

Tendo en conta a natureza dos servicios a prestar polas entidades adxudicatarias: financeiros e de colaboración en materia de recadación como Entidades Xestoras, en orde a obter unha maior racionalización, simplificación e economía de custos nos procesos de execución de tales servicios, o número de entidades de depósito coas que se formalicen os contratos derivados do presente prego serán un máximo de catro.

Non obstante, tendo en conta as particulares características que se derivan da prestación do Servicio de Caixa da Corporación, que demandan a cesión, por parte do Concello, dunhas instalacións no interior da Casa Consistorial que garantan unha adecuada prestación deste servicio, o Servicio de Caixa da Corporación e, consecuentemente, a prestación de servicios financeiros ó personal do Concello nas instalacións cedidas ó efecto, serán prestados por unha única entidade de depósito.

3.- ÁMBITO DOS SERVICIOS BANCARIOS A CONTRATAR.

3.1.- Contratos de conta corrente.

O Concello de Vigo formalizará coas entidades financeiras seleccionadas tódolos contratos de conta corrente necesarios para situar nas mesmas os fondos líquidos da Tesourería municipal, recoller os seus ingresos e efectuar os seus pagos, coas seguintes excepcións:

- As contas correntes vinculadas a operacións de endebedamento.*
- As contas correntes restrinxidas abertas nas Entidades colaboradoras de recadación de conformidade coas Normas reguladoras da prestación deste servicio aprobadas pola Comisión municipal de Goberno en sesión que tivo lugar ó día 28 de agosto do ano 2000, e cos correspondentes protocolos subscritos con aquelas Entidades colaboradoras, ou que poidan subscribirse no futuro para esta finalidade.*
- Calquera outras que sexan obxecto de determinación polos órganos competentes do Concello de Vigo, e que presten un servicio do que o seu obxecto principal non sexa instrumentar a xestión da Tesourería central do Concello de Vigo.*
- O ingreso procedente da Participación nos Tributos do Estado, que se atopa afectado como garantía dunha operación de crédito a longo prazo concertada no ano 1.994, prazo do que a amortización é de 12 anos mais 3 de carencia, na medida en que o Concello se atopa obrigado a manter domiciliado o citado ingreso na entidade prestamista en virtude do contrato en que se formalizou a operación financeira.*

3.1.1.- Tipos de contas correntes.

O artigo 197 do RDL 2/2000, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, autoriza ás Entidades Locais a aperturar os seguintes tipos de contas con Entidades de Crédito e Aforro:

- a) Contas operativas de ingresos e pagos.*
- b) Contas restrinxidas de recadación.*

- c) *Contas restrinxidas de pagos.*
- d) *Contas financeiras de colocación de excedentes de tesourería.*

a) *Contas operativas de ingresos e pagos.*

Son aquelas aperturadas para situar os fondos da Tesourería municipal e cumprir as funcións encomendadas á mesma. A mobilización dos fondos dunha conta corrente operativa requirirá a sinatura mancomunada e solidaria do presidente-ordenador de pagos, o interventor e o tesoureiro, ou persoas que legalmente lles substitúan.

As Contas operativas xirarán baixo a denominación “Concello de Vigo. Conta operativa.....”.

b) *Contas restrinxidas de recadación.*

Son aquelas que, cunha función puramente instrumental, aperturanse para facilitar o proceso de recadación dos ingresos dos que o réxime de recadación non se efectúe a través de Entidade colaboradora.

Teñen esta natureza aquelas Contas nas que a súa orde de apertura así se manifeste e recollerán calquera tipo de ingresos que se autoricen en dita orde.

Así mesmo, tamén participan desta natureza de Contas restrinxidas de recadación aquelas que se aperturen para facilitar a prestación do servizo de colaboración na xestión recadadora como Entidade Xestora de recadación, nos termos previstos nas Normas reguladoras deste servizo.

Por conseguinte, non se inclúen para os efectos desta contratación as Contas restrinxidas abertas nas Entidades colaboradoras de recadación necesarias para a prestación de tal servizo de colaboración e que derivan dos Convenios subscritos ó efecto.

As Contas restrinxidas de recadación utilizaranse exclusivamente para recoller os ingresos que se indiquen na súa orde de apertura, sen que poidan producirse outros cargos que os precisos para transferir os fondos ás Contas operativas, ou os derivados da corrección de erros advertidos no abono dalgunha cantidade, que se deberán efectuar no mesmo día en que producíu o abono.

Os intereses que produzan estas Contas restrinxidas haberán de ser transferidos ás correspondentes Contas operativas.

As Contas correntes restrinxidas de recadación xirarán baixo a denominación “Concello de Vigo. Conta restrinxida de recadación....”. O seu saldo haberá de ser en todo momento acreedor ou cero.

c) *Contas restrinxidas de pagos.*

Cunha función instrumental, a finalidade destas contas e facilitar o proceso de pagos.

Estas Contas correntes só poderán admitir ingresos do Excmo. Concello de Vigo, aprovisionándose dende a conta operativa. Excepcionalmente, poderán admitirse ingresos derivados da devolución de transferencias ordenadas, pola imposibilidade da súa cumprimentación.

O saldo destas Contas será en todo momento acreedor ou cero.

Dentro deste grupo de Contas distinguíranse:

c.1) Contas restrinxidas de pagos integradas na organización da Tesourería.

c.1.1) Contas de Habilitación do persoal. Utilizaranse exclusivamente para o pago de retribucións do persoal activo e pasivo do Excmo. Concello de Vigo.

c.1.2) Contas de Caixa da Corporación. Utilizaranse para a realización de pagos de pequena contía, do que o seu límite será fixado para cada exercicio económico a través das Bases de Execución do Presuposto.

c.1.3) Outras Contas restrinxidas de pagos que puideran resultar necesarias para unha finalidade específica, trala resolución da Alcaldía.

Os movementos de fondos situados nestas Contas para a realización dos pagos que obedecen á súa finalidade, serán autorizados polo Sr. Tesoureiro municipal ou funcionario da Tesourería que legalmente lle substitúa a proposta daquel, e para os casos previstos na normativa vixente.

Os rendementos e intereses que produzan estas Contas abonaranse nas operativas, sen prexuízo de que a operación se rexistre mediante anotación simultánea de cargo e aboamento na conta restrinxida.

c.2) Contas restrinxidas de pagos non integradas na organización interna da Tesourería.

Dentro deste grupo distinguíranse:

c.2.1) Contas de pagos “a xustificar”. Utilizaranse para situar fondos e realizar pagos con cargo ás ordes de pago expedidas co carácter de “a xustificar”, se así se determina na resolución correspondente, e de acordo cos requisitos e condicións establecidos na normativa vixente.

c.2.2) Contas de “Anticipos de Caixa Fixa”. Utilizaranse para realizar os pagos que se realicen con cargo ós fondos librados co carácter de anticipos de caixa fixa, de acordo cos requisitos e condicións previstas na normativa vixente de aplicación.

Estas Contas restrinxidas xirarán baixo a titulación:

- “Concello de Vigo. Conta Pagos a xustificar.....”*
- “Concello de Vigo . Anticipo Caixa fixa.....”*

puidéndose engadir algunha expresión que reflicte o carácter máis concreto do contido de aquelas.

Estas Contas soamente poderán admitir ingresos da Tesourería do Concello de Vigo, aprovisionándose dende as Contas operativas, e o seu saldo deberá ser sempre acreedor ou cero.

Os fondos situados nestas Contas serán mobilizados polo (s) habilitado (s) que sexa (n) autorizado (s) polos órganos de goberno municipais con competencia para elo.

A apertura, modificación, cancelación e control destas Contas corresponde á Tesourería municipal, e os intereses percibidos por estas Contas serán aboados nas Contas operativas do Concello.

d) Contas financeiras de colocación de excedentes de tesourería.

Estas contas correntes serán contas especialmente remuneradas aperturadas coa finalidade de obter unha maior retribución polos saldos correspondentes a excedentes temporales de liquidez.

Estas Contas soamente poderán admitir ingresos da Tesourería do Concello de Vigo, aprovisionándose dende as Contas operativas e, normalmente, con cargo ós fondos situados nelas non se efectuarán pagos a terceiros, senon que o seu saldo será volcado novamente á conta operativa, total ou parcialmente, cando a Tesourería do Concello o estime convinte, segundo as necesidades de liquidez de cada momento.

Por ter o carácter de conta corrente, a liquidez será inmediata, polo que a retribución dos saldos non poderá estar vinculada á indisponibilidade temporal dos fondos situados nela, o que distingue este produto da contratación de inversións a que nos referiremos no punto 3.3, se ben estas contas poderán estar vinculadas a outros produtos financeiros, sempre que quede garantizada a antedita liquidez dos fondos.

3.1.2.- Servicios a prestar con relación ás Contas correntes.

As entidades financeiras adjudicatarias deberán prestar, con relación ás Contas correntes os seguintes servicios de carácter xeral:

- *Levar a cabo as operacións inherentes ó contrato de conta corrente bancaria.*
- *Nos pagos efectuados a terceiros a responsabilidade da xustificación do cobro polo perceptor corresponderá á entidade financeira.*
- *Exención total comisións de apertura, mantemento, estudio, etc,... ou calquera outro tipo de gasto ou comisión.*
- *O tipo de interese aplicable ás Contas, obtido de acordo co disposto na cláusula técnica 6 (“Criterios de valoración das ofertas”), aplicarase ó saldo diario das Contas que o Concello de Vigo manteña abertas nesa entidade. Tódalas contas aperturadas nunha mesma entidade serán retribuídas ó mesmo tipo de interese, con independencia do seu saldo individual, coa excepción das contas financeiras de colocación de excedentes, que serán obxecto dunha especial remuneración, no seu caso.*
- *A liquidación de intereses das Contas correntes realizarase por trimestres naturais, e a cantidade resultante ingresarase dentro dos primeiros 4 días hábiles bancarios do mes seguinte, con valor do último día do período liquidado, e na conta operativa que para cada caso se indique pola Tesourería municipal.*
- *Dentro do prazo de catro días hábiles indicado no apartado anterior, a entidade remitirá á Tesourería do Concello de Vigo, as liquidacións sinaladas para a súa comprobación. Estas liquidacións conterán polo menos:*
 - *a mención do período liquidado.*
 - *os saldos medios de cada conta; e*
 - *o tipo aplicado.*
- *Posibilitar á Tesourería do Excmo. Concello de Vigo a conexión informática necesaria para recibir a través do sistema de conexión multibancos “Bank comunicación”, os extractos de conta en formato CSB (N. 43) correspondentes ó peche do día anterior.*

- Os datos, informes e antecedentes concernentes a persoas identificadas ou identificables, obxecto de tratamento automatizado, producidos nos procedementos para a xestión de ingresos e pagos, quedarán suxeitos ó disposto na Lei de Protección de datos de Carácter Persoal vixente en cada momento.
- Non aplicar comisión ou cargo ningún, na conta ou na cantidade pagada ó perceptor nas operacións ordenadas e executadas con relación ós seguintes conceptos:
 - Negociación e compensación de cheques.
 - Domiciliación de recibos.
 - Pago de nóminas
 - Transferencias de e a outras Contas, dentro e fora da entidade, dentro e fora de praza, incluídas as do Banco de España.
 - Xestión dos servizos propios de conta centralizada.
 - Servizos de conexión informática.
 - Administración e mantemento da conta.
- Non aplicar ás operacións en moeda estranxeira con cargo ó abono en euros, un tipo de cambio máis desfavorable que o que o Banco de España aplica nas operacións que realiza, publicado diariamente no BOE.
- Aplicar como máximo ás operacións as valoracións fixadas nas disposicións aplicables.
- Soamente poderán resultar descubertos en conta debido a desfases por valoración, ós que se aplicará o mesmo tipo de interese resultante para o saldo acredor que presente a conta no correspondente período de liquidación, máis un punto.
- Por a disposición da Tesourería do Concello de Vigo, un sistema de banca electrónica que ofrezca, polo menos, os seguintes servizos sen custo ningún:
 - Conexión co sistema de información da entidade en tempo real, co obxecto de coñecer en todo momento os saldos e movementos das Contas, cancelación de excedentes efectuados, movementos e saldos de Contas de crédito.
 - Servicio automático de centralización de fondos.
 - Servicio de execución automática e directa de transferencias.

Os contratos de conta corrente a formalizar para a apertura destas Contas referiranse exprememente ós dereitos e obrigas determinados na presente contratación e ó tipo de interese ofertado para a mesma.

3.2.- Contratos de apertura de crédito en conta corrente.

Os servizos bancarios que deberán prestar as entidades adjudicatarias con relación ós contratos de apertura de crédito en conta corrente consistirán en por a disposición do Concello de Vigo unha operación de tesourería instrumentada na modalidade de c/c con apertura de crédito (liña de crédito) polo importe sinalado polo Concello, sen que o total dos importes das operacións poida exceder do límite máximo susceptible de concertación conforme ó disposto no artigo 51 do RDL 2/2000, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A finalidade desta operación será, exclusivamente, atender necesidades temporales de liquidez derivadas das diferencias de vencementos entre os pagos e os ingresos.

Deste xeito, o Concello poderá efectuar disposicións de fondos con cargo ás liñas de crédito contratadas, sempre e cando se cumplan os seguintes requisitos:

- Que a totalidade das operacións de Tesourería concertadas, xunto coa operación proxectada, non excedan na súa contía conxunta do 30 por 100 dos ingresos liquidados por operacións correntes no exercicio anterior, salvo cando a operación se realice durante o primeiro semestre do ano, sen que se producira a liquidación do Presuposto de tal exercicio, suposto no que se tomará en consideración a liquidación do exercicio anterior a este último. Tal circunstancia acreditarase por certificación da Intervención municipal.
- Que a totalidade das operacións de Tesourería concertadas, xunto coa operación proxectada, non excedan na súa contía total da cifra que aínda inferior ó 30% reseñado no apartado anterior, puidera establecer o Concello Pleno como límite das operacións de Tesourería. Tal circunstancia acreditarase mediante certificación emitida pola Intervención municipal.
- A concertación da operación de tesourería esixirá acto administrativo dos órganos municipais competentes, a teor do artigo 52 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, a proposta do Tesoureiro municipal.

A posta a disposición dos fondos, por parte da entidade adxudicataria, non poderá exceder do prazo de 7 días hábiles bancarios que comezarán a contar dende a comunicación municipal á entidade, cos xustificantes de cumprimento dos requisitos anteriormente sinalados. Ademais, de forma simultánea, formalizarase documentalmente a operación. A formalización será en documento administrativo, puidéndose elevar a documento notarial, si calquera das partes o solicita, sendo neste caso a súa costa os gastos de formalización correspondentes.

As entidades adxudicatarias estarán obrigadas a liquidar os intereses das operacións de crédito conforme ás seguintes regras:

- O tipo de interese obtido como resultado dos procedementos descritos na cláusula técnica 6 (“Criterios de valoración das ofertas”) aplicarase ó saldo disposto diario das Contas de crédito que o Concello de Vigo manteña abertas nesa entidade.
- A liquidación de intereses realizarase por trimestres naturais. Dentro do prazo dos 4 primeiros días hábiles do mes seguinte, a entidade remitirá á Tesourería do Concello, as liquidacións correspondentes para a súa conformidade. Estas conterán polo menos:
 - a mención do período liquidado.
 - os saldos diarios dispostos; e
 - o tipo aplicado.
- Unha vez conformada a liquidación, o Concello de Vigo porá a disposición da entidade financeira, nos catro días hábiles seguintes, con valor do último día do período liquidado, os fondos necesarios para satisfacer os intereses percibidos.
- A apertura, cancelación e operatoria destas Contas de crédito non poderá lucrar comisión ou gasto ningún tales como comisión de estudio e administración, non dispoñibilidade, amortización anticipada, etc, ...

3.3- Contratos de adquisición de activos financeiros ou inversións.

Para a finalidade prevista no artigo 199.2 do RDL 2/2000, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que autoriza ás Entidades locais a rendibilizar os seus excedentes temporais de Tesourería mediante inversións que reúnan as condicións de liquidez e seguridade, o Concello de Vigo poderá contratar produtos financeiros (inversións), que se poderán instrumentar mediante operacións de compra ou venda con pacto de recompra a data fixa de activos financeiros que se negocien na Central de Anotacións do Banco de España, Imposicións a prazo fixo, ou calquera outro produto, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- *Importe* A partir de 3.000.000,00.
- *Prazo* Dende 7 días ata 1 mes.
- *Renovación* Automática, de non mediar denuncia por parte do Concello con anterioridade ó vencemento dun período de liquidación.
- *Tipo de interés* O que resulte da adxudicación.
- *Comisións* Exención total de comisións ou gastos.

Os movementos de fondos para efectuar a adquisición destes produtos, así como os reintegros que procedan polos reembolsos e os rendementos que procedan, efectuaranse mediante cargo e abono, respectivamente, na conta operativa asociada aperturada na propia entidade financeira, polo importe exacto da operación.

Así mesmo, as entidades adxudicatarias deberán remitir mediante fax ou correo electrónico, o mesmo día do inicio do período de inversión, ou de calquera das súas renovacións, resgardo ou acreditación da operación, con identificación do activo, data de valor e data de vencemento, importe de adquisición e importe ó vencemento, tipo de interese nominal e T.A.E.

4.- ÁMBITO DOS SERVICIOS A PRESTAR COMO ENTIDADE XESTORA DE RECADACIÓN.

A actividade das Entidades Xestoras na recadación haberá de axustarse en todo caso ó establecido con carácter xeral nas “Normas reguladoras da actuación e procedemento a seguir polas entidades de depósito colaboradoras en materia de recadación de tributos de cobro periódico e notificación colectiva”, aprobadas pola Comisión municipal de Goberno do Concello de Vigo, en sesión que tivo lugar o día 28 de agosto do ano 2000.

Tales Entidades Xestoras veñen definidas no epígrafe V das indicadas Normas, sendo a modo de síntese as súas funcións e características as seguintes:

- Carecen da natureza de órganos de recadación.
- A prestación do servizo non será retribuída.
- Ostentarán a dobre condición de Entidade colaboradora e Entidade Xestora.
- Establécense unhas causas específicas de revogación da designación como Entidade Xestora.
- As súas funcións son:
 - Recibir os fondos, así como, de se-lo caso, a información quincenal que deban remitir as entidades colaboradoras que se lle encomenden.
 - Remitir, no prazo de cinco días, a partir do prazo máximo de entrega das Entidades colaboradoras, a documentación en soporte magnético e o resumo correspondente, así como os documentos físicos, de se-lo caso, recibidos das Entidades colaboradoras que se lle encomenden, e os seus propios. A información referente aos cobros dos

ingresos municipais remitirase de acordo coas prescricións e formato dos Cuadernos 57 ou 60 do CSB, modalidades 1, 2 e 3, segundo o procedemento indicado polo Concello de Vigo no documento de cobro.

- Tramitar o cobro dos recibos domiciliados de acordo co establecido nas Normas.

A entidade adxudicataria será responsable do uso que a súa organización empresarial, empregados ou colaboradores mercantís realicen dos datos tributarios e de toda índole que se faciliten polo Concello para a prestación do servizo, debendo gardar e facer gardar con extremado celo canto dispón a lexislación nacional e supraestatal respecto da protección de datos contidos en ficheiros automatizados, secreto fiscal e bancario, e intimidade das persoas. A custodia de, no seu caso, as bases tributarias facilitadas é de exclusivo cargo da entidade adxudicataria.

A designación como Entidade Xestora comportará a apertura dunha conta restrinxida centralizadora de tódolos ingresos propios e os procedentes das Entidades colaboradoras que se lle asignen.

Nesta conta restrinxida, que participará das condicións financeiras que se determinen no Contrato Marco resultante da presente licitación, efectuaranse abonos polos importes da recadación quincenal obtida polas Entidades colaboradoras, nos prazos e condicións previstos nas Normas Reguladoras, e se adebedará polos trasposos de fondos ás Contas operativas designadas polo Concello de Vigo.

Polo que respecta ás regularizacións por erros ou omisións nas anotacións rexistradas en dita conta, estarase ó establecido con carácter xeral nas Normas Reguladoras.

Os servizos a prestar como Entidade Xestora de recadación poderán facerse extensibles, a requirimento do Concello de Vigo, ós ingresos municipais exaccionados mediante autoliquidación e ás liquidación de devengo único.

O alcance, contido e condicións da actividade recadadora como Entidade Xestora será o que resulte da presente licitación, sen prexuízo de observarse en todo caso o establecido con carácter xeral ó respecto nas repetidas Normas Reguladoras.

Para a asignación de que Entidades Colaboradoras deben remitir o importe recadado á cada Entidade Xestora, estarase ó disposto ó respecto na Cláusula técnica 6 (“Criterios de valoración das ofertas”) do presente prego.

5.- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE CAIXA DA CORPORACIÓN.

Como se deixa exposto na cláusula 1ª do presente Prego, a Entidade adxudicataria prestará o servizo de Caixa da Corporación a que se refire o artigo 75 do vixente Regulamento xeral de recadación. Na prestación deste servizo de Caixa, a entidade adxudicataria estará obrigada ó cumprimento das seguintes esixencias:

- A unha observancia estricta das Normas dictadas polo Concello de Vigo para a regulación da actuación e procedemento a seguir na prestación do servizo de Caixa da Corporación por Entidade de depósito.
- A asignar a este servizo de caixa as xaneliñas de atención ó público necesarias para unha óptima prestación nos termos previstos no epígrafe XI das indicadas Normas. Tales xaneliñas haberán de ser rotuladas convenientemente pola Entidade adxudicataria para informar ós contribuíntes que son as destinadas con carácter exclusivo para o cobro dos ingresos autorizados. En consecuencia, tales

xaneliñas e as súas correspondentes caixas non poderán utilizarse para a realización de actividades que requiran os servizos financeiros a prestar ó persoal do Concello de Vigo a que se refire o presente Prego, debendo a adxudicataria habilitar outras zonas das instalacións para esta finalidade.

- En ningún caso a Entidade adxudicataria poderá divulgar información ou publicar anuncios orientados ós contribuíntes dándolles a coñecer servizos ou produtos financeiros derivados da súa actividade, utilizando para iso as instalacións municipais que se lle asignen, salvo que os mesmos garden unha relación directa co servizo de Caixa da Corporación. Malia o anterior, si poderá informar sobre produtos e servizos financeiros en xeral ó persoal do Concello mediante a inserción dos correspondentes anuncios nos lugares destinados para atender a estes usuarios, dentro das instalacións asignadas.
- Como se establece no epígrafe VIII das repetidas Normas, en ningún caso a actividade que leve a cabo a Entidade adxudicataria para a prestación de servizos financeiros ó persoal do Concello de Vigo poderá incidir negativamente no servizo de Caixa da Corporación a prestar ós contribuíntes e, en consecuencia, supoñer un menoscabo da xestión recadadora. O incumprimento desta obriga, nos termos previstos naquelas Normas, daría lugar, no seu caso, á cancelación da autorización concedida á Entidade adxudicataria para a prestación do servizo de Caixa da Corporación e, en consecuencia, á resolución do contrato derivado da presente licitación.
- O servizo de Caixa da Corporación se prestará de luns a venres no horario establecido polo Concello de Vigo para a atención ó público (de 9,00 a 13,30 horas na actualidade), excepto os días non laborais para o Concello de Vigo. Os vencementos que coincidan cun sábado quedan trasladados ó primeiro día hábil seguinte. Esta franxa horaria ten o carácter de mínima puidendo ser ampliada pola Entidade adxudicataria a calesquera días e xornada de traballo, trala autorización do Concello de Vigo. Para estes efectos, a Entidade adxudicataria manterá abertas as caixas necesarias para a prestación dos servizos de forma ininterrompida durante o horario establecido.
- En ningún caso a Entidade adxudicataria terá o carácter de órgano municipal de recadación.

6.- PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE NATUREZA FINANCEIRA Ó PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO.

Os servizos financeiros a prestar ó persoal do Concello de Vigo, nas instalacións cedidas para a prestación do Servizo de Caixa da Corporación, serán os derivados das actividades propias das Entidades de crédito ás que alude a Lei 3/1994 de 14 de abril, que incorporou o noso ordenamento interno a Segunda Directiva de Coordinación Bancaria (89/646/CEE), entre outras, as seguintes:

- As de aceptación de depósitos u outros fondos reembolsables.
- As de préstamo e crédito ó consumo, crédito hipotecario e a financiación de transaccións comerciais.
- As de “factoring” con ou sen recurso.
- As de arrendamento financeiro.
- As operacións de pagamento, con inclusión, entre outros, dos servizos de pagamento e transferencia.
- A emisión e xestión de medios de pagamento, tales como tarxetas de crédito, cheques de viaxe ou cartas de crédito.
- A concesión de avais e garantías e subscripción de compromisos similares.
- O alugamento de caixas de seguridade.
- A xestión de patrimonios e asesoramento ós seus titulares.

- *As operacións que teñan por obxecto: Valores negociables, instrumentos dos mercados monetarios ou de cambios, instrumentos financeiros a prazo, opcións e futuros financeiros e permutas financeiras.*
- *A actuación por conta dos seus titulares como depositarios de valores representados en forma de títulos, ou como depositarios de valores representados en anotacións en conta.*

7.- INSTALACIÓNS PARA A PRESTACIÓN DOS SERVICIOS.

Para a prestación dos servicios financeiros a que se refire este prego, así como para a prestación do servicio de Caixa da Corporación, o Concello de Vigo porá a disposición da Entidade adxudicataria as instalacións que, no interior da Casa Consistorial, se veñen destinando na actualidade para a prestación do servicio de Caixa por Entidade de depósito.

Tales instalacións, con acceso polo interior da Casa Consistorial, constan dun fronte á lonxa, que na actualidade ten habilitadas tres xaneliñas de atención ó público con posibilidade de ampliación a unha ou dúas máis, e dous habitáculos interiores.

Previa presentación do oportuno proxecto, e coa autorización e supervisión dos órganos municipais competentes do Concello de Vigo, a Entidade adxudicataria poderá realizar as obras de adaptación e a disposición de medidas de seguridade adecuadas para levar a cabo a prestación dos servicios. O custo de calesqueira obras de adaptación, mantemento e conservación a realizar correrán por conta da Entidade adxudicataria.

Asimesmo, a Entidade adxudicataria aportará os medios informáticos, de comunicacións, mobiliario e recursos humanos precisos para unha óptima prestación do servicio.

O Concello de Vigo autorizará o libre acceso a estas dependencias ó persoal destinado pola Entidade adxudicataria para atender a actividade da oficina, así como ó que lle preste os servicios complementarios e adicionais necesarios para o correcto funcionamento da mesma, dentro do horario que propoña a Entidade adxudicataria e que autoricen os órganos competentes do Concello de Vigo.

A Entidade adxudicataria deberá facilitar ó Concello de Vigo unha relación do persoal que adscribe ás dependencias e as súas variacións aos efectos da súa identificación.

A Entidade adxudicataria queda obrigada a que o persoal que adscriba ó servicio estea afiliado á Seguridade Social, de acordo coa normativa vixente, sendo ó seu cargo tódolos gastos de carácter social e laboral que se deriven da relación contractual, coa facultade da Administración municipal de esixir en calquera momento proba documental de estar ó corrente no pagamento das cotas da Seguridade Social correspondentes ó persoal de que dispoña.

Os gastos xerais (auga, luz, limpeza, etc.,....) das instalacións nas que se presten os servicios correrán por conta do Concello de Vigo, excepto os gastos de teléfono e comunicacións en xeral, que serán a cargo da adxudicataria.

Asimesmo, corresponde á Entidade adxudicataria satisfacer os tributos que se deriven do exercicio da actividade, e os gastos derivados da concertación, no seu caso, de pólizas para o aseguramento dos medios humanos e materiais aportados pola adxudicataria ás instalacións e, en xeral, calesqueira gastos que puidera xerar a conservación e mantemento de tales medios.

En ningún caso a adxudicataria poderá prestar os servicios obxecto deste contrato fora das instalacións asignadas.

8.- CANON.

1.- Establécese como contrapartida á utilización privativa do local e instalacións que se ceden, un canon anual mínimo de 30.000,00 euros/ano, ou o maior que propoña na súa oferta, que deberá abonar o adxudicatario.

2.- Con efectos do día primeiro de xaneiro do ano 2007 e sucesivos, durante o prazo contractual, o canon mínimo ou o proposto na súa oferta pola entidade que resulte adxudicataria, será obxecto de revisión, conforme ás variacións do índice de prezos ó consumo no conxunto nacional publicado polo Instituto Nacional de Estatística. As revisións autorizaranse por Decreto da Alcaldía de acordo cos datos oficiais referidos no parágrafo precedente.

3.- O ingreso do Canon o efectuará o adxudicatario na Tesourería municipal por mensualidades o último día hábil de cada mes, ou inmediato hábil seguinte si aquel fora inhábil, polo procedemento de autoliquidación, sen necesidade de que os órganos competentes do Concello de Vigo teñan que xirar liquidación previa.

9.- CRITERIOS APLICABLES NA INVITACIÓN Ó PROCEDEMENTO RESTRINXIDO.

A participación das entidades de depósito no proceso de selección requirirá:

a) Estar autorizada polo órgano competente do Excmo. Concello de Vigo para a prestación dos servicios de colaboración na xestión recadadora municipal.

A consideración deste criterio obedece a que resulta evidente que si a entidade licitadora desexa prestar servicios en calidade de Entidade Xestora da recadación, deberá por previamente a disposición do Concello de Vigo a súa rede de oficinas no termo municipal para a materialización dos cobros dos ingresos municipais.

b) Que o volume de recadación neta obtida pola entidade no exercicio económico de 2004 en calidade de entidade colaboradora na recadación, nas modalidades de cobro por xaneliña e domiciliación, polos ingresos do Concello de Vigo exaccionados mediante recibo, que se enumeran a continuación, fora igual ou superior a 600.000,00 euros, equivalentes ó 0,977% da recadación total obtida nas citadas modalidades e conceptos.

Os ingresos municipais a computar serán os obtidos na recadación dos padróns correspondentes aos seguintes tributos municipais:

- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- Taxa por recollida domiciliaria de lixo a vivendas.
- Exaccións Unificadas Industriais.
- Imposto sobre Bens Inmóbles.
- Imposto sobre Actividades Económicas.

A inclusión deste criterio obedece á consideración de aquelas Entidades financeiras con maior cota no volume de ingresos do Concello, o que comportará unha maior simplificación, racionalización e economía de custos nos procesos de ingresos e pagos, ó tempo que redundará na prestación dos servicios como entidade xestora a un maior número de cidadáns, facilitándolles o acceso para o cumprimento das súas obrigas tributarias.

10.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS.

Os criterios de valoración para seleccionar ás Entidades de depósito que resulten adjudicatarias serán os seguintes:

GRUPO 1º DE CRITERIOS: Valoración do alcance dos servicios a prestar como entidade xestora na recadación, ata un máximo de 30 puntos.

GRUPO 2º DE CRITERIOS: Valoración das condicións financeiras do Contrato Marco, ata un máximo de 27 puntos.

GRUPO 3º DE CRITERIOS: Valoración da capacidade da entidade financeira para a prestación do servizo de colaboración na xestión recadadora municipal e para a venda de entradas dos eventos organizados polo Concello, ata un máximo de 23 puntos.

GRUPO 4º DE CRITERIOS: Valoración das melloras ofertadas en relación coa prestación do Servizo de Caixa da Corporación, ata un máximo de 20 puntos.

Para cada entidade sumaranse os puntos obtidos conforme á aplicación dos anteditos criterios na forma que máis adiante se detalla. As entidades seleccionadas serán as que obteñan unha maior puntuación polo conxunto dos catro criterios.

Tendo en conta que o número de entidades adjudicatarias será como máximo de catro, no caso de empate resolverase priorizando, por esta orde, os grupos de criterios 2º, 1º, 4º e 3º. Isto é, no caso de que dentro do límite máximo de catro entidades a que alcanza a adjudicación se producira un empate entre algunhas de elas na puntuación global obtida polos catro grupos de criterios, resultará seleccionada aquela entidade das empatadas que obtiveran unha maior puntuación polo Grupo 2º de criterios. En caso de persistir o empate, adjudicarase a aquela que obtivera maior puntuación polo Grupo 1º de criterios. Finalmente, de persistir o empate, resolveríase de forma análoga pero atendendo ó Grupo 4º de criterios.

Polo que respecta á designación das Entidades colaboradoras na recadación como Entidades Xestoras, atenderase unicamente ó grupo 1º de criterios (“Alcance dos servicios a prestar como Entidade Xestora de Recadación”), de tal maneira que se asignarán a totalidade de Entidades colaboradoras na recadación do Concello de Vigo que non ostenten simultaneamente a condición de Entidades Xestoras (esto é, aquelas que resulten adjudicatarias da contratación a que se refire este prego) a aquela entidade das adjudicatarias do Contrato Marco obxecto desta contratación, que obtivera a maior puntuación por este Grupo 1º de criterios.

Malia o anterior, nos supostos de empate, asignarase a aquela entidade das seleccionadas que obtivera unha maior puntuación polo grupo 4º de criterios (“Servizo de Caixa da Corporación”) e, en caso de persistir o empate, asignarase a aquela que obtivera maior puntuación polo grupo 3º de criterios.

A Corporación municipal poderá declarar deserto o concurso si estimase que as ofertas dos licitadores non se consideran de interese por non satisfacer adecuadamente as pretensións municipais.

1.- GRUPO 1º DE CRITERIOS. Alcance dos servicios a prestar como Entidade Xestora na Recadación municipal (puntuación máxima 30 puntos).

Neste grupo de criterios valorarase o alcance e contido dos servicios desta natureza a prestar pola(s) entidade(s) adjudicataria(s), e que a continuación se relacionan co baremo de puntuación que así mesmo se indica.

Para aqueles casos en que os servizos adicionais obxecto de valoración neste grupo requiran a previa entrega en soporte informático do Padrón ou, de se-lo caso, da información tributaria que fose necesaria, convirase entre o Concello e a Entidade que resultara seleccionada os prazos e condicións para levalo a efecto.

Polo demais, é de sinalar que os servizos que a continuación se relacionan alcanzarán á totalidade dos recibos incluídos en cada Padrón ou listado cobradorio, independentemente de cal fose a Entidade Xestora ou colaboradora na cal estiveren, no seu caso, domiciliados.

- Pola edición de avisos de pago dos recibos non domiciliados e notas informativas dos domiciliados, e posterior distribución ós domicilios correspondentes, asumindo a Entidade os custos correspondentes de edición e distribución: 15 puntos.
- Pola edición de avisos de pago dos recibos non domiciliados e notas informativas dos domiciliados e posterior entrega ó Concello para a súa distribución por este, asumindo, en consecuencia a Entidade financeira os custos de edición, pero non os de distribución: 5 puntos.
- Pola emisión e entrega por parte da Entidade licitadora ós contribuíntes que o soliciten, nas xaneliñas habilitadas nas instalacións da Entidade para o cobro de recibos devoltos (que non puideran ser notificados no domicilio do contribuínte por datos domiciliarios erróneos, erros de distribución, etc...) correspondentes a ingresos de cobro periódico e notificación colectiva, a seguinte puntuación:
 - En tódala rede de oficinas sitas no termo municipal de Vigo da Entidade: 10 puntos.
 - En unha ou algunha de tales oficinas: 5 puntos.
- Polo establecemento dun Terminal Punto de Venta (TPV) virtual ou pasarela de pagamentos, que permita xestionar o cobro dos tributos municipais en liña, con tarxetas de crédito e débito, a través da páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), sen aplicar comisión ou custo algún pola súa utilización, nin para o Concello de Vigo nin con cargo a tarxeta coa que se realiza o pagamento, calquera que sexa a entidade financeira emisora da mesma: 5 puntos.

Os dous primeiros criterios de segunda orde, relativos á posibilidade de emisión e distribución de notificacións ós contribuíntes, son, obviamente, excluíntes, e por conseguinte non poden ser obxecto de valoración conxunta, o mesmo cabe dicir respecto da dobre posibilidade do segundo criterio, referente á emisión de recibos devoltos.

2.- GRUPO 2º DE CRITERIOS. Condicións financeiras do Contrato Marco (puntuación máxima 27 puntos).

2.1.- Retribución dos saldos en conta corrente. Ata un máximo de 12 puntos.

A oferta virá referida ó tipo de interese, expresado como un diferencial sobre o índice de referencia. O diferencial virá expresado nun tanto por cento de forma que resulte exactamente divisible en tramos de 0,05%.

O índice de referencia será o EURIBOR a tres meses tomado o penúltimo día hábil do último mes do trimestre natural anterior.

Se entende por “EURIBOR” (Euro Interbank Offered Rate: Tipo interbancario ofrecido en Euros) para os efectos deste prego e dos posteriores contratos a formalizar, o tipo de contado publicado pola Federación Bancaria Europea, cara as 11 da mañá (hora de Bruxelas) a través de “Bridge Telerate” ou do provedor do servizo de pantalla que lle poida substituír, para as operacións de depósito en euros a prazo de tres meses, calculado a partir

do ofertado por unha mostra de bancos para operacións entre entidades de similar cualificación. Este tipo de referencia será así mesmo o publicado diariamente no Boletín da Central de Anotacións do Banco de España.

A valoración da oferta realizarase atendendo ó seguinte baremo de puntuación:

<u>Diferencial respecto ó índice</u>	<u>Por cada tramo de 0,05% (Puntos)</u>
Ata EURIBOR menos 0,50 %	0
Dende EURIBOR menos 0,45 % Ata EURIBOR menos 0,30 %	0,50
Dende EURIBOR menos 0,25 % Ata EURIBOR menos 0,15 %	0,75
Dende EURIBOR menos 0,10 %	1

É dicir, a cada oferta aplicaráselle a puntuación correspondente a cada tramo de 0,05% asignado ó intervalo onde aquela estea comprendido e computando dende o límite superior do primeiro intervalo con puntuación. Por exemplo, para unha oferta con diferencial 0 a puntuación sería de 10 puntos.

Con independencia da puntuación que corresponda a cada entidade financeira como resultado da aplicación da escala anterior, a entidade que presente a mellor oferta en canto á retribución dos saldos en conta corrente obterá unha puntuación adicional de 2 puntos. De existir empate entre varias entidades, outorgaranse 2 puntos adicionais a cada unha delas.

Cada unha das entidades seleccionadas retribuirá os saldos de todas as Contas correntes ó tipo por ela ofertado.

2.2.- Custo máximo do crédito en conta corrente. Ata un máximo de 12 puntos.

A oferta virá referida ó tipo de interese, expresado como a suma entre un diferencial e o índice de referencia.

O diferencial virá expresado en tanto por cento de forma que resulte exactamente divisible en tramos de 0,02%. O custo total máximo a ofertar será de 20 centésimas de punto porcentual sobre o índice de referencia.

O índice de referencia será o tipo medio dos depósitos EURIBOR a tres meses, publicado o penúltimo día hábil do último mes do trimestre natural anterior.

A valoración da oferta realizarase atendendo ó seguinte baremo de puntuación:

<u>Diferencial respecto ó índice</u>	<u>Por cada tramo de 0,02% (Puntos)</u>
Ata EURIBOR máis 0,20%	0
Dende EURIBOR máis 0,18% Ata EURIBOR máis 0,14%	0,5

Dende EURIBOR máis 0,12%
Ata EURIBOR máis 0,06% 0,75

Dende EURIBOR máis 0,04% 1

Con independencia da puntuación que corresponda a cada entidade financeira como resultado da aplicación da escala anterior, a entidade que presente a mellor oferta en canto ó custo máximo de crédito en conta corrente obterá unha puntuación adicional de 2 puntos. De existir empate entre varias entidades, outorgaranse 2 puntos adicionais a cada unha delas.

Cada entidade seleccionada ha de respectar nos sucesivos contratos de apertura de crédito en conta corrente formalizados durante a vida deste Contrato Marco, os niveis de custo máximo ofrecidos neste proceso de selección.

2.3.- Retribución dos activos financeiros ou inversións a que se refire o artigo 199.2 do RDL 2/2004. Ata un máximo de 3 puntos.

Para a finalidade prevista no artigo 199.2 do RDL 2/2000, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Vigo poderá contratar produtos financeiros (inversións), que se poderán instrumentar mediante operacións de compra ou venda con pacto de recompra a data fixa de activos financeiros que se negocien na Central de Anotacións do Banco de España, Imposicións a prazo fixo, ou calquera outro produto, sempre e cando se cumpran os requisitos sinalados na cláusula 3.3 do presente Prego.

Tendo en conta a diversidade de produtos e variabilidade dos mercados financeiros, as ofertas presentadas polas entidades financeiras poderán estar referenciadas a calquera tipo de interese ou modalidade de retribución, se ben para debida valoración considerárase o tipo fixo equivalente que resulte da oferta presentada en relación ás condicións dos mercados financeiros do día de elaboración da oferta pola entidade, o que se fará constar na propia oferta baixo a denominación tipo resultante, equivalente ou efectivo.

De este modo, e tendo en conta a dificultade de predefinir un sistema de valoración por tramos, a valoración realizarase atendendo ó seguinte baremo de puntuación:

- Á entidade que oferte o produto financeiro mellor retribuído, sempre e cando se cumpran todos e cada un dos requisitos sinalados na cláusula 3.3, outorgáraselle unha puntuación de 3 puntos.
- Á entidade que oferte o produto financeiro que teña a 2ª retribución máis alta, nas condicións sinaladas, outorgáraselle unha puntuación de 1 punto.

Polos motivos espostos, para a contratación destes produtos estarase ó disposto na cláusula 11ª seguinte.

3.- GRUPO 3º DE CRITERIOS. Capacidade de prestación dos servicios como Entidade colaboradora na recadación e para a venta de entradas dos eventos organizados polo Concello (puntuación máxima 23 puntos).

Teranse en conta para este grupo os seguintes criterios de segundo orde:

3.1.- Implantación no termo municipal de Vigo. Ata un máximo de 21 puntos.

Virá determinado polo número de oficinas que teña abertas ó público no termo municipal de Vigo a entidade oferente a data 1 de setembro do ano 2005, entendendo por oficinas abertas ó público no termo municipal de Vigo aquelas que :

- Sexan susceptibles de prestar o servizo de colaboración na xestión recadadora municipal ó Concello de Vigo.
- Sexan obxecto de tributación polo Imposto sobre Actividades Económicas exaccionado polo Concello de Vigo.

A valoración da oferta en canto a este criterio de valoración realizarase atendendo ó seguinte baremo de puntuación:

<u>Número de Sucursais</u>	<u>Puntos</u>
Ata 5 oficinas	0
De 5 a 10 oficinas	3
De 11 a 20 oficinas	6
De 21 a 30 oficinas	9
De 31 a 40 oficinas	12
De 41 a 50 oficinas	15
De 51 a 60 oficinas	18
Máis de 61 oficinas	21

3.2.- Instalación de puntos de venda para a expedición de entradas ou tickets que permitan o acceso ós museos ou espectáculos organizados polo Concello de Vigo. Ata un máximo de 2 puntos.

Pola instalación de terminais ou puntos de venda que permitan a venda anticipada de entradas ou tickets para o acceso ós museos, espectáculos ou eventos organizados polas Concellerías de Cultura e Turismo do Concello de Vigo, nos lugares a concretar polo Concello (un mínimo de tres): 2 puntos.

4.- GRUPO 4º DE CRITERIOS. Melloras ofertadas en relación coa prestación do Servizo de Caixa da Corporación (puntuación máxima 20 puntos).

4.1.- Canon ofertado. Ata un máximo de 12 puntos.

Polo canon máis elevado respecto ó mínimo establecido na cláusula 8ª. Ata un máximo de 12 puntos, a razón de 1 punto por cada 6.000,00 euros de incremento sobre o canon mínimo de 30.000,00 euros establecido na precitada cláusula.

4.2.- Horario de prestación de servizos. Ata un máximo de 4 puntos.

Pola ampliación do horario de prestación de servizos ós contribuíntes e usuarios, respecto ó mínimo establecido na cláusula 5ª; puidéndose ampliar na franxa horaria comprendida entre as 8 horas e as 20,00 horas de cada xornada de traballo. Ata un máximo de 4 puntos, a razón de 1 punto por cada 30 minutos de ampliación en calquera intervalo da franxa horaria permitida. Non se puntuarán fraccións inferiores a 30 minutos.

4.3.- Número de efectivos asignados á prestación do Servizo. Ata un máximo de 4 puntos.

Polo número de efectivos asignados á prestación do servizo de Caixa Corporación, entendéndose por tales o número de caixeiros habilitados para a realización dos cobros, ata o máximo de catro previstos nas Normas específicas reguladoras deste servizo. Ata un máximo de 4 puntos, distribuídos da seguinte maneira:

- Número de efectivos asignados durante cada un dos períodos de cobro en voluntaria dos tributos de cobro periódico e notificación colectiva:
 - Un ou dous 0 puntos
 - Tres 1 punto
 - Catro 2 puntos

- Número de efectivos asignados ó longo do resto do exercicio fiscal:
 - Un 0 puntos
 - Dous 1 punto
 - Tres ou catro 2 puntos

11.- CONTRATACIÓN DE SERVICIOS FINANCIEROS.

Unha vez realizada a adxudicación definitiva, a formalización do Contrato Marco entre o Concello de Vigo e cada entidade seleccionada, verificarase en documento administrativo, entendéndose que a entidade de depósito coñece e acepta tódalas cláusulas contidas no presente Prego.

Cando o Concello de Vigo precise da prestación dos servizos obxecto do Contrato Marco, e para os casos que sexa necesario, formalizará contratos con unha ou máis das entidades seleccionadas.

11.1.- Formalización dos contratos de conta corrente.

Nun prazo máximo de 3 meses a partir da formalización do Contrato Marco, o Concello de Vigo procederá, de se-lo caso, á resolución dos contratos de conta corrente existentes ó seu nome con entidades financeiras distintas das que resulten adxudicatarias, con excepción dos mencionados na cláusula técnica 3 do presente Prego.

Formularanse contratos de conta corrente coas catro entidades que resulten seleccionadas na presente licitación nas condicións establecidas no Contrato Marco. Para a canalización dos diferentes cobros e pagos por unhas u outras contas, salvo os derivados da designación como entidades xestoras, o Concello de Vigo tomará en consideración criterios como a puntuación obtida polas entidades no proceso de selección, ou as necesidades para o desenvolvemento da planificación e xestión financeira da Tesourería municipal.

11.2.- Formalización dos contratos de apertura de crédito en conta corrente e de adquisición de produtos financeiros.

Cando sexa necesario formalizar os citados contratos, estes adxudicaranse mediante subhasta.

Para tal efecto, pola Tesourería municipal solicitaranse ofertas ás entidades adxudicatarias do citado Contrato Marco que deberán aterse, de se-lo caso, e nas súas proposicións económicas, como mínimo, ás que ofreceron para tales operacións no concurso de selección, podendo melloralas en beneficio do Concello de Vigo. No suposto de contratación de inversións, estarase á evolución dos mercados dende a data de presentación da oferta.

Á vista das ofertas, o tesoureiro municipal formulará proposta de resolución para aquelas ofertas que impliquen un menor custo ou un maior rendemento segundo proceda, dada a natureza da operación.

III.- CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS.

1.- NATUREZA XURÍDICA DA CONTRATACIÓN.

Os servizos financeiros que constitúen o obxecto da presente licitación atópanse comprendidos na categoría 6 do artigo 206 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, tendo, por conseguinte, a consideración de contratos privados da Administración nos termos e co alcance previsto no artigo 5.3 do referido corpo legal.

En consecuencia, a adxudicación da contratación que se define no presente Prego deberá levarse a cabo conforme ás normas contidas nos Capítulos II e III do Título IV Libro II do indicado RDL 2/2000, de 16 de xuño.

2.- PRAZO CONTRACTUAL.

O Contrato Marco que se formalice coas entidades adxudicatarias ó abeiro do presente procedemento, terá un prazo de vixencia de dous anos dende a data da súa sinatura, prorrogable por mutuo acordo expreso das partes antes da finalización de aquél, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de catro anos, e as súas condicións aplicaranse a tódolos contratos que poidan ser formalizados coas citadas entidades.

Os contratos que se asinen ó abeiro da presente contratación terán a duración que se determine en cada un deles, non podendo exceder a data de vencemento do Contrato Marco.

Malia o anterior, no caso dos contratos de apertura de crédito en conta corrente dos que o prazo de vixencia non poderá ser superior a un ano, si ó vencemento do Contrato Marco ou dalgunha das súas prórrogas permanecese vixente algún ou algúns deles, expirarán cando as necesidades líquidas da Tesourería o permitan, nas mesmas condicións en que se formalizaron e co límite temporal antes indicado.

3.- PREZO.

A natureza da presente contratación no fai posible a previa determinación do prezo do Contrato Marco que se formalice, si ben poderá ser susceptible de determinación pola rendibilidade que poida xerar ás partes contratantes os subseguintes contratos que se formalicen ó abeiro de dito Contrato Marco.

Por conseguinte, enténdese que non procede revisión de prezos dos contratos que se perfeccionan ó abeiro do Contrato Marco, na medida en que tanto a retribución dos saldos en conta corrente, como o custo financeiro de crédito en conta corrente están expresados como a suma entre un diferencial ou marxe e o índice que se toma como referencia e, polo tanto, son variables.

4.- PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

O presente contrato de servicios adxudicarase por procedemento restrinxido e a forma de adxudicación será o concurso.

5.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Terán capacidade para contratar, as persoas xurídicas que a súa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato, sempre que teñan plena capacidade de obrar, non se atopen en ningunha das prohibicións que se sinalan no artigo 20 do texto refundido Lei de Contratos das Administracións Públicas e foran seleccionados conforme o procedemento restrinxido de adxudicación.

6.- GARANTÍAS.

1.- Provisional: Non se esixe.

2.- Definitiva: Establécese en 6.000,00 euros que deberá ser constituída en calquera das formas que establece o artigo 36 do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, debendo depositarse na Tesourería municipal no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes ó da notificación do acordo de adxudicación.

7.- GASTOS DE PUBLICIDADE E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Serán a cargo dos adxudicatarios tódolos gastos que se orixinen como consecuencia da publicación dos anuncios do procedemento de licitación. O total de gastos dividirase a partes iguais entre os adxudicatarios.

Igualmente si algún ou algúns dos adxudicatarios esíxese a formalización do contrato en escritura notarial, os gastos derivados de dita formalización serán ó seu cargo.

8.- EXTINCIÓN DO CONTRATO E REVERSIÓN DAS INSTALACIÓNS.

1.- Son causas de resolución desta contratación, ademais das previstas no RDL 2/2000, de 16 de xuño, a información comprobada do contratista a terceiros en materias obxecto do contrato. Esta causa de resolución considerarase a tódolos efectos como incumprimento do contrato por culpa do contratista.

2.- Á extinción do contrato, calquera que sexa a súa causa, os locais entregaranse ó Concello de Vigo en perfectas condicións de uso. Os medios materiais aportados pola Entidade adxudicataria do contrato (informáticos, de comunicacións, mobiliario e equipo de oficina) poderán ser retirados por ésta á extinción do mesmo.

3.- O incumprimento da obriga de entregar os locais, por mor da extinción do contrato, dará lugar á instrución do correspondente expediente de desacougo administrativo.

9.- PARTICIPACIÓN NO PROCEDUREMTO RESTRINXIDO.

9.1.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, de 9 a 13,30 horas, ou por correo na forma legalmente determinada, dentro do prazo de dez días seguintes á publicación do último anuncio de licitación a publicar no Boletín Oficial da Provincia ou no Diario Oficial de Galicia.

9.2.- CONTIDO DAS SOLICITUDES.

1. As solicitudes presentaranse en dous sobres pechados, que tamén poderán ser lacrados ou precintados, que levarán inscritos os seguintes datos:

- Solicitud para participar no procedemento restrinxido do concurso para a prestación de servicios de natureza financeira e recadadora do Excmo. Concello de Vigo.
- Nome do contratista.
- Lugar, data e sinatura do licitador.

2. Un primeiro sobre titulado “Documentación acreditativa da personalidade e capacidade para contratar”, que conterá:

- Documento Nacional de Identidade ou N.I.F. da persoa asinante da proposición.
- Escritura de constitución ou modificación, si é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil.
- Escritura de poder si actúa en representación doutra persoa, debidamente bastantada con anterioridade á data do final do prazo de presentación de proposicións.
- Declaración do licitador na que se afirme non estar incurso nas causas de incapacidade e incompatibilidade previstas no artigo 20 do RDL 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, na forma prevista no artigo 21.5 da citada Lei.
- Certificación ou recibo que acredite estar ó corrente no pago do Imposto Sobre Actividades Económicas.
- Certificación ou documento que acredite estar ó día nas súas obrigas tributarias na forma esixida polos artigos 13 a 16 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Certificación que acredite que o licitador non ten débedas de carácter tributario co Concello de Vigo.
- Número de fax., teléfono e dirección a efectos de notificacións.

3. Un segundo sobre titulado “Documentación relativa ós criterios de invitación ó procedemento restrinxido”, que conterá:

- Documento administrativo municipal que acredite ter autorización para exercer como Entidade colaboradora na recadación municipal.
- Certificado expedido pola Tesourería do Concello de Vigo referente ó volume de recadación neta a que se alude no apartado b) da cláusula técnica 9ª (“Criterios aplicables na invitación ó procedemento restrinxido”).

9.3.- SELECCIÓN DE ENTIDADES.

Salvo que teña día sinalado no expediente, a apertura de solicitudes presentadas terá lugar ás 10,30 horas do primeiro luns seguinte ó día que finalice o prazo de presentación de solicitudes na Casa Consistorial e ante a Mesa de Contratación, constituída na forma prevista no texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Si coincidise en día non hábil ou, por causas de forza maior non puidera levarse a cabo, esta terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

A Mesa cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma no primeiro dos sobres, podendo, si observase defectos materiais na documentación presentada, conceder un prazo non superior ós tres días para que o licitador enmende o erro. Neste caso fixarase unha nova data para a apertura do sobre restante unha vez transcorrido o prazo outorgado para a subsanación de erros. Si a documentación fora incorrecta ou os erros non foran considerados materiais, procederase á apertura do segundo sobre das solicitudes admitidas.

9.4.- INVITACIÓN ÓS ADMITIDOS.

A Mesa de Contratación proporá ó Órgano de contratación as entidades seleccionadas, podendo solicitar previamente os informes técnicos que considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato. O órgano de contratación dictará resolución acordando a selección definitiva e invitará a presentar as proposicións dos seleccionados, sinalando o prazo de presentación, que non poderá ser inferior a 15 días dende a data de envío das invitacións e, de se-lo caso, o lugar, día e hora da apertura das mesmas.

10.- PROPOSICIÓN PARA O CONCURSO.

10.1.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de 9 a 13,30 horas, ou por correo na forma legalmente determinada, no prazo sinalado na propia invitación.

10.2.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓN.

10

A proposición presentarse nun único sobre pechado, que tamén poderá ser lacrado ou precintado, e levará inscrito os seguintes datos:

- *Proposición para participar no concurso para a prestación de servicios de natureza financeira e recadadora do Excmo. Concello de Vigo.*
- *Nome do contratista; e*
- *Lugar, data e sinatura do licitador.*

O sobre conterá a seguinte documentación:

- *Relación rubricada e selada das oficinas da Entidade no termo municipal de Vigo que reúnan as condicións a que se alude na cláusula 10ª (“Criterios de valoración das ofertas”) do apartado de cláusulas técnicas, con relación ó GRUPO 1º DE CRITERIOS.*
- *Manifestación expresa de adhesión ás “Normas Reguladoras da actuación e procedemento a seguir na prestación do servicio de Entidade colaboradora de recadación do Concello de Vigo”, aprobadas pola Comisión de Goberno en sesión que tivo lugar o día 28 de agosto do ano 2000, e para os efectos previstos neste concurso.*
- *Manifestación expresa de adhesión ás “Normas reguladoras da actuación e procedemento a seguir na prestación do servicio de Caixa da Corporación por Entidade de depósito”, aprobadas pola Comisión de Goberno en sesión que tivo lugar o día 28 de agosto do ano 2000, e para os efectos previstos neste concurso.*
- *Proposición con relación ós CRITERIOS DE VALORACIÓN, dos que o seu contido axustarase ó seguinte modelo:*

DON/DONA....., con domicilio en rúa número, con D.N.I. núm....., actuando en nome de (facendo constar claramente o apoderamento ou representación) comprométese á prestación, nos termos previstos no prego de adxudicación, de determinados servicios de natureza financeira e recadadora para o Excmo. Concello de Vigo, nas seguintes condicións:

1.- En canto ó GRUPO 1º DE CRITERIOS: “Alcance dos servicios a prestar como Entidade Xestora na recadación”, comprométese a prestar os seguintes:

- Edición de avisos de pago dos recibos non domiciliados e notas informativas dos domiciliados, e posterior distribución ós domicilios correspondentes, asumindo a Entidade os custos de edición e distribución.
- Edición de avisos de pago dos recibos non domiciliados e notas informativas dos domiciliados, asumindo o custo de edición dos mesmos, pero non os de distribución.
- Emisión de copias ou duplicados dos recibos devoltos en tódala rede de oficinas.
- Emisión de copias ou duplicados dos recibos devoltos en parte da rede de oficinas.
- Establecer unha pasarela de pagamentos para o cobro dos tributos municipais en liña a través da páxina web do Concello de Vigo, con tarxetas de crédito ou débito, sen aplicar comisión ou cargo algún pola xestión de cobro, calquera que sexa a entidade financeira emisora da tarxeta.

2.- En canto ó GRUPO 2º DE CRITERIOS. Condicións financeiras do Contrato Marco:

- Retribución de saldos en conta corrente:
- Custo máximo do crédito en conta corrente:
- Retribución de activos financeiros-inversións (tipo equivalente):

3.- En canto ó GRUPO 3º DE CRITERIOS: “Capacidade da entidade para a prestación do servicio de colaboración na xestión recadadora municipal e para a venta de entradas dos eventos organizados polo Concello”, comprométese a:

- Instalar un mínimo de tres terminais ou puntos de venta para a expedición de entradas ou tickets que permitan o acceso ós museos, espectáculos ou eventos organizados polas Concellerías de Cultura e Turismo do Concello de Vigo, nos lugares indicados polo Concello.

4.- En canto ó GRUPO 4º DE CRITERIOS. Melloras en relación coa prestación do Servicio de Caixa da Corporación:

- Fixar o canon anual a abonar ó Concello de Vigo en..... euros.
- Establecer o horario de prestación dos servicios ós contribuíntes e usuarios (dende/ata) en xornada de
- Asignar un número de efectivos (caixeiros e non superior a catro) de:
 - Durante os períodos de cobro en voluntaria da totalidade de tributos de cobro periódico e notificación colectiva:
 - Resto do exercicio fiscal:

Na proposición para o GRUPO 1º DE CRITERIOS, terase en conta nas propostas o xa sinalado anteriormente no prego do carácter excluínte de algunha delas, non puidéndose, en consecuencia, ofertar ámbalas dúas simultaneamente.

Así mesmo, para as ofertas polo GRUPO 2º DE CRITERIOS, como xa se indicou anteriormente, por razóns de homoxeneización o diferencial debe vir expresado en forma de tanto por cento e de forma que resulte exactamente divisible en tramos de 0,05% para a retribución de saldos en conta corrente e de 0,02% para o custe máximo do crédito en conta corrente.

10.3.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

Salvo que teña día sinalado no expediente, a apertura de proposicións presentadas terá lugar ás 10,30 horas do primeiro luns seguinte ó día que finalice o prazo de presentación de proposicións na Casa Consistorial, e ante a Mesa de Contratación, constituída na forma prevista no texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Si coincidira en día non hábil o de apertura de proposicións ou, si por causas de forza maior non puidera levarse a cabo, este terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

30(1403).- ADXUDICACIÓN DE TRES BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA-PERÍODO DE OUTUBRO DE 2005 A XUÑO DE 2006. EXPTE. 1737/104.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a acta da comisión de avaliación para a concesión das referidas bolsas, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Adxudicar as tres bolsas para a realización de prácticas nas oficinas de información turística municipal, ós/ás aspirantes que foron admitidos/as a esta convocatoria e que acadaron maior puntuación. Por orde de puntuación son:

APELIDOS E NOME	PUNTUACION	DNI
1.- María Pilar Ciges Regueiro	10,30 puntos	36.154.081 J
2.- Silvia Garnil García	10,00 puntos	53.175.473 W
3.- Noemí Iria Barreiro Costas	9,75 puntos	36.171.270 K

2º Declárase como lista de suplentes a seguinte:

1.- María Vázquez Barreiro	8,60 puntos
2.- María Mayra Gumeráns	6,15 puntos
3.- Lucía Fragata Pérez	5,60 puntos
4.- Isabel Martínez Nieves	4,60 puntos
5.- Moira Montenegro Mendía	4,20 puntos
6.- Carolina Castro Castro	3,80 puntos

7.- Ruth Villar Rodríguez	3,15 puntos
8.- Leticia Rodríguez Iturbe	3,00 puntos
9.- Andrea Alonso Gómez	2,90 puntos
10.- Ana Belén Correia Codeseira	2,60 puntos
11.- Rebeca Fernández Barciela	2,40 puntos
11.- Antía Abalo Vila	2,40 puntos
12.- Rocío Franco Rodríguez	2,25 puntos
13.- Silvia Pazos Méndez	1,95 puntos
14.- Patricia Rodríguez Quintela	0,30 puntos
15.- Patricia Martínez Alonso	0,00 puntos

2º Aprobar o gasto de 18.000 € para a dotación económica das bolsas de formación, dos que 5.625 € serán imputados con cargo a partida orzamentaria 7510.4810000 “Transferencias a Familias e Institucións”, do presuposto actualmente en vigor para o ano 2005 (15 de outubro ó 31 de decembro) e o resto, 12.375 €, imputados a partida 7510.4810000 “Transferencias a Familias e Institucións” do exercicio do 2006.

3º Aprobar o gasto de 180 € para cubrir as pólizas de seguro por risco profesional para cada un dos adxudicatarios/as das becas, con cargo á partida 7510 2240000 do presuposto actualmente en vigor.

4º Que se libre a xustificar a cantidade de 5.625 € -correspondentes os dous meses e medio que quedan ata finais de ano (15 outubro - novembro e decembro), con cargo á partida 7510 48 10000, a favor de Don Carlos Soto, con D.N.I. 35.966.988 W, para proceder ó pagamento mensual das becas ata finais de ano. Que se ingrese esta contía na conta habilitada do Departamento de Turismo número 2080 0000 78 0040246105.

31(1404).- APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO DO PERI IV-SAN ROQUE A. EXPTE. 4628/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 13.10.05, que di o seguinte:

FEITOS

1º.- *En data 28/06/2004 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior "IV-01 San Roque" (exp. 8159/411). As súas normas e ordenanzas publicáronse no BOP 164, do 25/08/2004.*

2º.- *No 07/10/2005 o representante da entidade mercantil "Inmobiliaria Urbis SA" presentou nesta Administración solicitude de aprobación da constitución da Xunta de Compensación do polígono 3 do devandito PERI.*

Achegou con esa solicitude copia auténtica de dúas Escrituras Públicas outorgadas perante o notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González. Na primeira delas, do 22/09/2005 (núm. 2866 de protocolo), a referida entidade mercantil manifestou a súa adhesión ó modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo

Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11/12/2003 e publicado no BOP núm. 1, do 02/01/2004. En virtude da segunda, do 06/10/2005 (núm. 3077 de protocolo), constituíuse a Xunta de Compensación do mentado polígono, previa convocatoria ós interesados e co asentimento dos propietarios que representan o 87,478 % da superficie total do polígono.

Asemade, figura no expediente un Informe do Arquitecto municipal no que se constata que, de acordo cos datos aportados por "Inmobiliaria Urbis SA", ésta representa o 82,95% da superficie do polígono. No expte. 4616/401 figuran notas informativas do Rexistro da Propiedade sobre a totalidade das fincas do polígono, e escrituras de propiedade, que eiquí danse por reproducidas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Resulta procedente a aplicación a este polígono do modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11/12/2003 (BOP núm. 1, do 02/01/2004 - <http://bop.depontevedra.es/pdf/2004/01/02.pdf> -) por canto consta a adhesión fehaciente ó mesmo dos propietarios que representan unha superficie superior ó 70% da total do polígono, tal e como dispón o art. 155.2 Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). Do mesmo xeito, de conformidade co preceptuado no art. 156.1 LOUGA concederáselle ós propietarios non incorporados á Xunta de Compensación o prazo dun mes para adherirse á mesma. No caso de non facelo serán obxecto de expropiación forzosa.

II.- Procede tamén aproba-la constitución da Xunta de Compensación, que se efectuou en Escritura Pública polos propietarios que representan máis dun 50% da superficie do ámbito, con cumprimento do disposto no art. 155 LOUGA e preceptos concordantes do vixente Regulamento de Xestión Urbanística.

III.- É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 124 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O:

PRIMEIRO: Aplicar ó polígono "3" do PERI "IV-01-San Roque A" o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11/12/2003 (BOP núm. 1, do 02/01/2004).

SEGUNDO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono, efectuada no 06/10/2005 en Escritura Pública perante o notario de Vigo D. José-Antonio Rodríguez González co núm. 3077 do seu protocolo.

TERCEIRO: Nomear como representante municipal nesa Xunta de Compensación ó concelleiro-delegado de urbanismo D. José María Figueroa Vila.

CUARTO: Instar da Xunta de Galicia a inscrición da Xunta de Compensación no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

QUINTO: Requirir ós propietarios non incorporados a fin de que no prazo máximo de UN MES se adhieran perante notario á Xunta de Compensación, comunicándollo á mesma e a esta Administración municipal nese prazo. No caso contrario poderán ser obxecto de expropiación forzosa.

SEXTO: Notifíquesele o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación e a tódolos propietarios e titulares de dereitos reais no polígono, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(1405).- RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA U.E. 1 DO PERI SENSAT. EXPTE. 4042/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 17.10.05, que di o seguinte:

